


Almanaque Agrícola

ano
LX



Ano 2012
Ano bisesto



Monumento á muller labrega.
Forcarei (Pontevedra).

syngenta

O funxicida cun nome que o di todo e ademais faino

¡Boa uva, bo viño!

Chega un funxicida que vai poñer as cousas no seu sitio, con licenza para actuar. O seu nome é Max, Quadris Max; e claro, cun nome así, a cousa promete. E ti preguntaraste ¿Poderá defender os meus viñedos de tantos perigos? Iso, ¡por suposto!, pero o máis importante de Max é a súa forza, **A SÚA DOBRE FORZA DE ACCIÓN**. Telo cerca será a mellor protección.

MAXimiza o teu viñado

*Non encontrarás nada
que funcione mellor
¡apostas uns viños?*

Quadris
MAX

Dobre forza na súa dobre acción

syngenta

Índice

<i>s nosas mulleres galegas</i>			4
Rescatando anacos do noso pasado: "O pradairo"			6
Rescatando un anaco da nosa cultura: "As peles. O curtido do coiro"			12
Convocatoria novo certame: "Os pontóns. Xeitos de salvar os regatos"			22
As nosas castes de vide: A variedade "Lado"			24
Xaneiro	28	Santiago	40
Febreiro	30	Agosto	42
Marzo	32	Setembro	44
Abril	34	Outubro	46
Maio	36	Novembro	48
San Xoán	38	Nadal	50
Herbas medicinais			53
Guía de tratamentos viñedos galegos			56
Males da viña			58
Consellos para os coidados da viña			60
Tratamentos das froiteiras de carabuña			63
Tratamentos a facer nas maceiras e pereiras			64
Tratamentos de invernadoiros e hortas			66
Tratamentos das patacas			68
Tratamentos do millo e outros cereais			71
Cambio climático e agricultura			72
Feiras gastronómicas			78
Catálogo xeral de sementes			85
Catálogo xeral de produtos fitosanitarios			89
Valor dos ferrados galegos en metros cadrados			101
Contos			104
Disposicións legais de interese para Galicia			106
Roedores e rodenticidas			111
Enderezos dos nosos distribuidores			114

QUEREMOS ADICAR ESTA EDICIÓN NÚMERO LX
DO ALMANAQUE AGRÍCOLA ZZ ÁS NOSAS

mulleres galegas



*A esas incansables e tantas veces “viúvas de vivos” como lles
chamou Rosalía, que constituíron dende sempre, o eixe vertebrador
da sociedade rural galega e as raíces da súa esencia.*

*Xenerosas e abnegadas,
activas e dilixentes,
conselleiras e amigas.*

*Esta é a louvanza que queremos expresar para todas elas na nosa
modesta pero cariñosa homenaxe.*

Laudatoria da muller galega

“O que me conmoveu sempre, e po-lo tanto non podía deixar de ter un eco n'a miña poesía, foron as innumerables coitas d'as nosas mulleres: criaturas amantes para os seus y os estraños, cheas de sentimento, tan esforzadas de corpo, como brandas de corazón e tamen tan desdichadas que se dixeran nada solasmentes para rexer cantas fatigas poidan afrixir, á parte mais froxa e inxel d'a humanidade. N'o campo compartindo metade por metade c'os seus homes as rudas faenas, n'a casa soportando valerosamente as ansias d'a maternidade, os traballos domésticos e as arideces d'a probeza. Soyas ó mais d'o tempo, tendo que traballar de sol á sol, e sin axuda pra mal manterse, pra manter os seus fillos, e quisais o pai valetudinario, parecen condenadas á non atoparen nunca reposo se non n'a tomba.

A emigrazon y ó Rey arrebatanlles de contino, o amante, o hirman, o seu home, sosten d'a familia decote numerosa, e así, abandonadas, chorando ó seu desamparo, pasan a amarga vida antr'as incertidumbres d'a esperanza, á negrura d'a soidade y as angustias d'un-ha perene miseria. Y o mais, desconsolador par'elas, é, que os seus homes, vans'indo todos, uns por que l'os levan, y outros por que o exempro, as necesidades, ás veces un-ha cobiza, anque disculpable, cega, fannos fuxir, d'o lar querido, d'aquela á quen amaron, d'a esposa xa nay, e d'os numerosos fillos, tan pequeniños qu'inda n'acertan á adiviñar, ós desdichados, á orfandade á que os condenan.

Cando n'as suas confianzas, estas probes mártires s'astreven á decinos os seus sacretos, á chorar os seus amores sempre vivos, á doerse d'as suas penas, descóbrese n'elas, tal delicadeza de sentimentos, tan grandes tesouros de ternura (que á inteireza d'o seu carácter n'é bastante á mermar) un-ha abnegacion tan grande, que sin querer, sentímonos inferiores á aquelas oscuras e valerosas heroínas, que viven e morren levando á cabo feitos maravillosos por sempre iñorados, pero cheos de milagres d'amor e d'abismos de perdon. Historias dinas deberan ser espresadas por mellores poetas d'o qu'eu son, e cuyas santas armonias subríme, e n'a nota d'a delor. Anque sin forzas pra tanto, tentey algo d'eso, sobre todo n'o libro titulado “As viudas d'os vivos e as viudas d'os mortos”, mais eu mesma conoso que non acertei á decir as cousas qu'era menester. As miñas forzas son cativas, qu'éreas mayores de quen haya de cantarnos con toda á sua verdade e poesía, tan sencilla como dolorosa epopeya.”

Rosalía de Castro,

“Dúas palabras d'a autora”, en Follas Novas, 1880.



Rescatando ANACOS DO NOSO pasado

ÁRBORES SINGULARES OU EMBLEMÁTICAS EN GALICIA

O PRADAIRO

O pradairo, *Acer pseudoplatanus* L. (do latín acer, duro ou tenaz, pola súa madeira, e **pseudoplatanus**, falso plátano, pola súa semeianza co plátano de sombra, *Platanus hispanica* Miller) recibe en castelán os nomes de *falso pl tano*, *arce blanco* ou *arce sicomoro*. É unha árbore da familia das aceráceas que pode acadar de 20 a 30 metros de altura, con tronco que presenta nun principio a casca gris escura e lisa, gretándose en placas poligonais que se desprenden. Nos exemplares vellos é de cor parda rosada e descasca con bastante facilidade. A cepa, forte e grosa, ten numerosas raíces superficiais. A copa é globosa e ampla, e cando medra en lugares despeixados, a miúdo é máis ancha ca alta, con ramas baixas abundantes.



O Pradairo de Vilarpardin (Lugo)

As follas carecen de estípulas e son simples, grandes, de 10-15 cm de lonxitude, opostas, caedizas, palmatilobadas, de cor verde escura pola face e co envés glauco, cubertas de tomento algodoeiro no envés cando son novas e despois lampiñas ou pubescentes só nos nervios, lixeiramente acorazonadas pola base; o limbo está dividido en cinco lóbulos desiguais, agudos e irregularmente serrados, e o pecíolo, de ata 20 cm de longo, adoita ser de cor vermella carmín. Esta árbore é atacada adoito polo fungo *Rhytisma acerinum*, doenza que se manifesta en forma de manchas redondeadas de cor parda ou negrexada nas follas.

As flores, de cor abrancazada verdosa ou verde amarelada, son cíclicas, pentámeras, regulares, polígamas (mestura de flores bisexuais e unisexuais), con 5 sépalos caedizos, 5 pétalos pequenos pouco rechamantes, androceo de 8 estames e xineceo con ovario bicarpelar súpero e estilo simple rematado en dous estigmas recurvados. Nas flores unisexuais masculinas os estames van acompañados dun ovario rudimentario. Abrollan ao mesmo tempo que as primeiras follas e dispóñense en nutridos acios de 5-15 cm de



lonxitude, estreitos e longamente pedunculados, colgantes na axila das follas. Florece na primavera (abril-maio) e o froito madura a finais do verán, desprendéndose da árbore nos cabos do outono ou comezos do inverno. Está formado por dúas sámaras unidas polos aquenios, os cales están engrosados e se prolongan en ás membranosas estreitas na base e ancheadas no seu extremo, formando entre si un ángulo recto.

É unha árbore eurosiberiana que sobe ata os 1.500 metros de altitude, medrando no centro e sur de Europa e no sudoeste de Asia. É frecuente no norte da Península Ibérica, desde os Pireneos ata o norte de Portugal, e no interior de Galicia, sobre todo nas montañas do norte e leste, xeralmente mesturada en pequena proporción con outras árbores, como faias, carballos e freixos, en diferentes tipos de bosques, aínda que nos lugares sombríos das montañas orientais, por riba dos 1.000 metros de altitude, pode ser dominante nalgúns bosques pluriespecíficos.

Cultívase adoito e aparece con frecuencia naturalizado, sendo difícil ás veces precisar a súa área como planta espontánea. Prefire solos frescos e profundos sobre substratos silíceos ou calcarios, non moi acedos, situándose case sempre en ladeiras e fondos de vales, xeralmente en exposición sombría. É árbore exixente en fertilidade edáfica e en humidade ambiental e edáfica. Tolera o vento, as xeadas, a neve e a proximidade do mar (aínda que non lle van ben os solos salinos), e resiste o frío invernal e a calor estival se dispón de auga abundante. Tolera podas que non sexan moi severas e polo seu temperamento de media sombra agradece unha certa cuberta nos primeiros anos.

Moi empregado como árbore de enfeite en parques, xardíns e paseos desde a Idade Media, cultívase adoito nos parques e xardíns de Galicia pola súa fermosura e densa sombra. Necesita espazo para desenvolverse axeitadamente e amosarse na súa plenitude. As follas, verdes na primavera e amárelas no outono, antes de caeren, ofrecen un rechamante contraste cromático. Algunhas variedades de xardinería (*atropurpureum*, *purpureum*, *rubrum*) presentan follas con tonalidades vermellas, mentres que outras (*erythrocarpum*) amosan esa cor nos froitos. Multiplícase ben de sementes (se estratifican varios meses), por estacas e por cultivo "in vitro", preferíndose o enxerto para a multiplicación das variedades de xardinería.

Abrocha doadamente da cepa, soporta ben a sombra e, se está illada, frutifica dende os 20 ou 30 anos, para despois facelo anualmente con abundancia. O



seu crecemento, moi rápido cando é nova, diminúe co tempo de modo substancial. Pode vivir de 150 a 200 anos.

A madeira do pradairo, de grao fino e continuo, é de boa calidade, de cor branca amarelada, durable, resistente aos ataques dos insectos, lustrosa, lixeira, dura, elástica, homoxénea, con resistencia mecánica, tolerante cos cambios de humidade e doada de traballar e de pulir. É moi apreciada polos carpinteiros, ebanistas e torneiros, dando tamén unha chapa de excelente calidade. Utilízase para facer mobles, caixas de resonancia de instrumentos musicais, culatas de escopetas, parqués, zocos, zocas e madroñas, tacos de billar, etc. A madeira de pradairo xa se empregaba na Roma antiga para facer mobles e mesas sobre todo. Tamén se utilizou para elaborar bancos, xugos, na construción naval, etc.

A leña do pradairo é un bo combustible, cunha capacidade calorífica similar á da faia, e proporciona un bo carbón vexetal.

O seu zume, de sabor agradable, contén un 5% de azucre e obtense facendo un corte na primavera no tronco e pólas. En Escocia e nalgúns zonas de Europa continental ferméntase o zume para producir unha bebida parecida ao viño.

Diferentes partes da planta empregáronse como remedios, aínda que hai dúbidas en relación coa súa eficacia. Ás follas, froitos e casca da raíz atribuíronselles propiedades astrinxentes e usáronse no tratamento das peles irritadas. As follas, maceradas en viño, utilizáronse como colirio para frear o lagrimexo. A auga de cocer as raíces empregouse como remedio para curar a sarna.

Na cultura alemá considerábase que o pradairo escorrentaba os morcegos, mamíferos que esterilizaban os ovos das cegoñas, polo que estas aves engadían póliñas desta árbore aos niños para asegurar a fertilidade dos ovos. En Alsacia colgan pólas de pradairo na entrada das casas, sobre as portas, para que fuxan os morcegos.



Pradairo da igrexa de Vilarpandín

Nome científico: *Acer pseudoplatanus* L.

Concello: Navia de Suarna (Lugo)

Parroquia: Vilarpandín

Altura: 23,60 m

Perímetro normal: 2,97 m

Diámetro de copa: 18,00 m

Idade estimada: máis de 100 anos

Unha lenda húngara conta que a envexa dunhas princesas acabou coa vida da preferida do seu pai, o rei. Soterrárona baixo dun pradairo e abrochou unha rama da que un pastor fixo unha frauta, e cando a tocaban, as notas que dela saían contaban a triste fin da princesa asasinada.



*O pradairo de Villarparandín mide a 1,50 m. do solo
3,10 m. de perímetro*

Do amplo elenco de pradairos galegos sobresáintes, o da igrexa de Vilarparandín, incluído no Catálogo de Árbores e Formacións Senlleiras de Galicia, destaca sobre os demais polas súas características dendrométricas e polo seu maxestoso porte.

Rodeado de asfalto case ata a base do tronco, por unha cara, e cun muro que limita ou seu crecemento radical pola outra, é difícil comprender como este exemplar puido acadar semellantes dimensións. O pé, cun perímetro basal de 4,22 m, medra dereito e sen ramificar ata

unha altura de 3,30 m, onde se forma a cruz da que nacen 4 brazos principias que medran case verticalmente.

Algúns tocos e feridas de poda cicatrizadas na cruz amósannos que no pasado eran máis os brazos que configuraban a estrutura da copa desta fermosa e monumental árbore.

A súa altura, supera os 23 m, é a maior entre os pradairos catalogados, e soamente se lle aproxima, entre os coñecidos, un pradairo que medra no monte Aloia.

Ás agresións antes comentadas hai que engadir a presenza de varandas aparafusadas no tronco. Con todo o exemplar amosa un bo estado de saúde.

Recollemos nunha ficha de información sobre a localización e datos máis notables desta sobranceira árbore.

O Catálogo de Árbores e Formacións Senlleiras de Galicia recolle outro exemplar de pradairo, a Pravia de Vilalba, sen dúbidas un dos exemplares máis destacables do Catálogo, polos seus impresionantes datos dendrométricos e pola súa singular morfoloxía.

O pé, cun perímetro basal de 3,50 m, ramifícase a 1,50 m de altura



sobre o chan. Desta rechamante cruz nacen aparentemente catro brazos, que resultan ser tres se nos achegamos ao monumento vexetal, pois un deles bifúrcase poucos centímetros por riba da cruz. Estas robustas pólas, orientadas cara aos catro puntos cardinais, configuran a arquitectura da copa, con forma de parasol, máis propia dun piñeiro manso ca dun pradairo.

Por tratarse dun exemplar urbano, as podas periódicas limitan o crecemento en altura e afectan ao porte da árbore, aspectos que varían segundo a época do ano, soamente podemos falar polo tanto dun rango de altura comprendido entre 11 e 15 m.

O seu estado sanitario é bo e recibe todo tipo de cuidados. Non obstante, a estrutura da súa copa é dificilmente soportada polo tronco basal, polo que os catro brazos suxéitanse entre si por abrazadeiras e cables metálicos.



Pradairo da ermida de Santiago de Cotarós

Incluimos tamén unha ficha con información sobre a localización e datos máis notables desta árbore monumental.

En Galicia tamén medra de forma silvestre *Acer monspessulanum* L. Aínda que moi pouco abundante, citouse a súa presenza nas provincias de Lugo e Ourense. É unha pequena árbore da rexión mediterránea con follas opostas trilobuladas, cos lóbulos redondeados e de bordo enteiro, flores en corimbos máis ou menos ergueitos e disámaras coas ás paralelas, incluso superpostas.

Tamén podemos atopar o *A. campestre* L. asilvestrado nas beiras dos camiños, así como cultivado nas provincias de Lugo e Ourense, aínda que non é frecuente. Caracterízase por ter as follas pequenas, caedizas, opostas, palmatilobadas, con látex branco ao crebar o pecíolo, e o froito de ás opostas e non angostadas na base.

Nos parques e xardíns de Galicia cultívase con frecuencia unha especie parecida ao pradairo, o *Acer platanoides* L., árbore eurosiberiana que medra en gran parte de Europa chegando aos Pireneos españois. As follas son semellantes ás do pradairo pero son máis delgadas, con lóbulos rematados en puntas agudas e co pecíolo máis curto, de cor verde, que segrega un látex abrancazado cando se creba. As inflorescencias dispóñense erguidas e as disámaras teñen ás opostas.


Outras especies do mesmo xénero que se ven con frecuencia en parques e xardíns de Galicia son:

Acer negundo L., procedente de América do Norte e coñecido co nome vulgar de negundo. É unha arboriña de 15-20 m de altura con follas opostas e caedizas, compostas imparipinnadas de 3-7 folíolos. As flores son unisexuais dioicas (masculinas e femininas en pés distintos). O seu zume é moi rico en azucre e foi utilizado polos indios e primeiros colonos americanos

Acer palmatum Thunb, arce xaponés, arbusto ou pequena árbore, de ata 16 m, procedente do Xapón e Corea, con follas simples, opostas e caedizas, profundamente divididas en 5-7 lóbulos dobreamente dentados e longamente acuminados; algunhas variedades teñen follas con rechamantes tonalidades avermelladas.

Acer saccharinum L., arce prateado, orixinario de América do Norte, árbore de ata 30 m con follas simples, caedizas, opostas, palmatilobadas, con 5 lóbulos profundos coa beira dobremente serrada e co envés prateado.

Semellante ao pradairo é o plátano de sombra (*Platanus hispanica* Mill., *Platanus hybrida* Brot.), que se cultiva adoito como árbore ornamental en parques, xardíns e paseos. O tronco tamén ten a casca lisa e agrisada, desprendéndose en placas, e as follas tamén son caedizas, grandes e palmatilobadas, pero son alternas e o pecíolo é máis curto e de cor verde. De novas amosan tomento no envés, que se desprende e pode causar irritación nos ollos e mucosas. As flores son unisexuais monoicas (masculinas e femininas no mesmo pé) e dispóñense en inflorescencias esféricas sésiles sobre longos pedúnculos axilares. Os froitos, tamén en infrutescencias esféricas, son aquenios provistos dunha lanuxe de pelos brancos na súa base, os cales tamén poden quedar en suspensión no ar e irritar os ollos e mucosas ou provocar alerxias. O plátano de sombra é moi apreciado como árbore ornamental pola súa ampla copa que dá densa sombra, ten crecemento rápido e soporta podas intensas. A súa madeira é dura, de grao fino e lixeira, empregándose en carpintería e para mangos de ferramentas. Baixo un plátano dise que tivo Sócrates as súas conversas con Fedro e Cicerón.



Rescatando un anaco da nosa Cultura




TRABALLO GANADOR DO CERTAME 2011

AS PELES. O CURTIDO DO COIRO

Autor: Xosé Lois Ripalda

A pel e o coiro. Prehistoria e historia.

A pel é a parte exterior do corpo do animal. Posúe dúas capas: a de fóra chamada *flor* e as subxacentes, que reciben o nome de *costras*. O coiro é o resultado de someter as peles, sobre todo as de gando vacún, a un longo proceso de labores. A través da historia o maior uso que se lle deu ao coiro foi o destinado ao vestido, ata o punto de ser o primeiro material que o ser humano da prehistoria usou con esta finalidade, unha materia illada, endexamais achada, que para endurecela utilizaba a graxa dos miolos dos animais que cazaba e mesmo a propia suor. En covas de Galicia como a "Cova do Rei Cintolo" en Mondoñedo, "Braña Rubia" en Coristanco ou "Cruz da Portela" na Merca, entre outras, atopáronse lascas de sílex para eliminar os anacos de carne das peles. Como restos prehistóricos hai que salientar unha momia dunha muller en Dinamarca que portaba unha capa de pel cosida con agullas e anacos do mesmo material fixados ás pernas a modo de polainas. Tamén preto de Moscova acháronse botóns de marfil enriba dun esqueleto que seguro coseron sobre algún vestido de coiro.



Muiño de casca

1- Trabe


2- Vara vertical

3- Vara horizontal

4- Roda dentada

5- Fondo do pozo

6- Bordes do pozo



Esquema dunha fábrica de curtidos

- | | |
|--------------------------|----------------|
| 1- Andar superior | 6- Caleiros |
| 2- Andar inferior | 7- Muiño |
| 3- Pozo de casca | 8- Enxugadores |
| 4- Pelambreiras | 9- Río |
| 5- Quinteiro de traballo | |

Os habitantes dos castros, adicados á gandería, cubrían as peles para o curtido con substancias astrinxentes de casca de carballo e os escudos facíanos de coiro, igual que as canoas e barcas. Todos estes coñecementos aproveitáronos os romanos despois da conquista da nosa terra, establecendo un comercio de importación de peles no peirao de Ostia. O traballo das peles deu lugar en Grecia e, principalmente, en Roma a varios oficios, que foron en aumento a medida que a materia prima acadou novas aplicacións; así apareceron: zapateiros, fabricantes de enfeites, pergamiños, artigos de viaxe, obxectos de luxo, embaladores que cubrían de coiro as arcas de madeira. Homero tan só fala de peles de boi e de cabuxa, pero gregos e romanos empregaron toda clase de peles.


O sistema tradicional de curtidos en Galicia centrábase en dous tipos de contorna: a rural e a urbana, que era basicamente artesanal, pois produían para o mercado, agrupándose nos correspondentes gremios que durante os séculos XVII e XVIII regularon o acceso ao oficio e controlaban todo o produto.

O curtido das peles achou en Galicia un lugar axeitado tanto pola auga e as carballeiras, que proporcionaban a casca con tanino, como pola importante cabana de gando vacún, así como o saín -graxa da sardiña-, un factor abondoso no país. A todo isto hai que engadir a importación de peles dende Arxentina que tiña A Coruña como lugar preferente para negociar a transformación desta materia prima.

Proceso de curtido dende a preparación do material ata o rematado. Métodos distintos e evolución dos mesmos durante o tempo.

O proceso de curtido das peles esixía un considerábel esforzo tanto polo duro que resultaba o labor coma polo moito tempo que se empregaba, arredor dun ano. O traballo tradicional tiña tres fases: a primeira, a sección **ribeira**, chamada así por facerse a carón dos ríos, comprende o *macerado* ou *remollo*, *limpa*, *pelado* e desencalado; a segunda, o **curtido**; e como terceira fase, o **rematado**.

O *macerado* consiste en remollar as peles secas en píos para esluír o sal. As que o tiñan, precisaban de catro a oito días; as que non, uns vinte. Pasado este tempo, pendurábanse de cordas para que escorresen a auga. A continuación viña o *pelado*, que se facía en píos chamados *pelames* ou *caleiros*, operación



Martelo mecánico

superficie convexa que sostén un cabalete que mantén a pel inclinada coa flor cara a arriba e trabállase co coitelo de pelar, que non posúe fío pero que abre os poros e fai caer a raíz do pelo. Unha vez feito isto, o coiro lávase e procédese ao *descarnado*, co que se acaba de quitarlle as carnes que aínda poidan quedar da fase anterior. Isto faise cunha coitela con fío.

A pel así tratada quedaba con restos de cal que se debía eliminar. Para iso metíase noutro tipo de pozos cuxo nome era o de *canina*, onde se mesturaban as peles con excrementos de animais, principalmente de cans, de aí o nome, aínda que tamén podía ser de galiñas ou de pombas. O tempo que permanecían na canina variaba segundo fose verán ou inverno. No primeiro caso quince días e no segundo preto dun mes. Da canina as peles pasaban ás táboas, onde se procedía a outro pase de coitela, semellante á de pelar, aínda que con fío, para tirar os restos de cal, operación que se repetía dúas ou tres veces, co fin de que o descalcado fose completo. Esta fase era a de máis noxo, pois a gafume resultaba insoportábel por mor dos excrementos. Rematadas as operacións de ribeira, iguálase o grosor das peles, traballo que se facía co coitelo de *aprimar*, sobre un pequeno taboleiro de madeira, e sácase a carne que aínda lle queda ás peles.


Despois comezaba a fase do curtido. Para iso metíanse as peles durante oito días nuns *p os* ou *noques* de cantaría de forma rectangular ou cadrados onde se mesturaban cos taninos vexetais esluídos en auga. Aló pasaban duns pozos a outros de diferente intensidade de mestura. Os taninos procedían da casca de determinadas árbores, principalmente de carballo, que se moía en muíños que consistían nun pío circular de lousa de pedra, cun eixe de madeira vertical no centro que xira arredor dos cabos por medio duns espigóns de ferro, un no chan e outro nunha trabe. Artellado a el vai un pau horizontal que pasa polo centro dunha roda dentada de pedra e que se prolonga ata saír fóra do *p o*.

Ao final xónguense unha mula que anda de arredor e fai mover a roda que moe a casca. Dúas ou tres veces ao día dáselles voltas ás peles, con ganchos, nos *p os*. Unha vez cumpridos procédese ao *esparrado*, que consiste en pases de

para a que se empregaba cal apagado esluído en auga, onde as peles estaban de dous a catro meses. No decorrer deste tempo, de cando en vez, remóvianse a fin de que a disolución entrase nos poros e os afrouxase facendo deste xeito doado o pelado. No *caleiro* as peles perden parte do pelo. Para tirarlles o resto, póñense en toros de madeira de


coitelo polo lado da carne. As peles regresaban aos *p os* e despois de oito días tiña lugar outro *esparrado*. Deseguido lánvanse, enxúganse, engráxanse e a continuación pendúranse dun largueiro por medio duns ganchos ata que se enxugaban por completo. Agora viña a fase de *raspado*, na táboa, cun coitelo semellante ao de *aprimar*, que tiña como fin eliminar o exceso de graxa. O grosor das peles iguálase cunhas coitelas, de diferente tamaño, chamadas *lunetas* e coa *estiara* quítanselles as engurras e, xa como derradeira operación, dóbranse e *c rchanse* baténdolles co mazadoiro de cortiza. Feito isto, almacénanse, finalizando así a longa tarefa.

Como métodos de curtido, en principio utilizábanse os taninos que contiñan certos vexetais, principalmente na casca. Entre eles hai que salientar o de carballo, pero tamén se empregaban a de bidueiro, nogueira, ameneiro e varias especies de salgueiro; e non só de árbores, senón de leños como o quebracho e o castiñeiro e mesmo o tanino de follas, pólas, herbas, agallas e raíces como o zumaque a balonea ou divi-divi. Outras substancias eran os extractos derivados do carballo ou da acacia, conseguidos ao tratar carbóns como turba, lignito, hulla, etc, con diversos ácidos. Non obstante, o método que revolucionou os curtidos foi a utilización de compostos inorgánicos, como os sales, entre eles o cloruro sódico, o *alume*, coñecido dende moi antigo, que se acha en varias rochas; pero sobre todo os sales de cromo, un curtido relativamente moderno se temos en conta a longuísimas historia da industria do coiro. Este curtido lévase a cabo mediante o recheo da pel co devandito composto, conseguíndose como resultado un tipo de coiro máis elástico e resistente e tamén en menos tempo que o curtido acadado con substancias de orixe vexetal. A maioría de coiros que hoxe en día se venden cúrtense con sales de cromo, dando lugar a que as peles non aumenten de peso. O coiro crómico adoita ser engraxado con xabón, por iso é velaíño ao tacto, moi resistente a quebrarse e á fricción, ademais de ser moi flexíbel, cunha elasticidade comparábel coa do caucho.



Laminador mecánico

O artesán mestre curtidor e o curtidor industrial e hidráulico. Materiais e produtos empregados, ferramentas e máquinas.



Ferramentas dos curtidores

- | | | |
|-------------------------|-----------------------|--------------------------|
| 1- Coitelo de pelar | 6- Ganchela de erguer | 11- Mazadoiro |
| 2- Coitelo de escarnar | 7- Plancha de calcar | 12- Mazadoiro de Cortiza |
| 3- Coitelo de desgraxar | 8- Mesa de engraar | 13- Estira |
| 4- Táboa de pelar | 9- Luneta | 14- Alicates de rematar |
| 5- Táboa de aprimar | 10- Caldeiro | 15- Aparello de rematar |

Os labores que correspondían á fase chamada de ribeira facíanos os curtidores, pero os de remate eran propios dos mestres curtidores que levaban a cabo a tarefa con técnica de seu, froito dunha dilatada experiencia. O curtido hidráulico utilizaba a enerxía da auga para operacións de pelado, descalcado e mazado. Tamén os muíños de casca empregaban a devandita forza cando utilizaban dúas moas corredoiras que se movían por mor dun rodicio hidráulico. En principio curtían os labregos como complemento do traballo agrícola, pero nas cidades os empresarios comezaron a construír edificios nos que traballaban curtidores baixo as súas ordes percibindo un salario; así comezou a industria do coiro.

Para o curtido usábanse diversas substancias vexetais e minerais. Unha vez que xa se nomearon os devanditos produtos, imos completalos con outros como a borra, mestura de saín de peixe e aceite que sobra das fábricas de conserva de Vigo. O aceite esluía a graxa que era moi mesta. Os excrementos de can, galiña ou de pombas, polo contido que tiña en pancreatina, enchoupaban as febras das peles e despois, modificadas polo osíxeno do aire, facíanse máis aptas para o curtido. Outras graxas eran o sebo e o aceite de oliveira. O sal e o cal apagado tamén se utilizaba esluído en auga na depilación das peles.

As ferramentas máis características dos curtidores eran as seguintes: *coitelo de pelar*, sen gume, de forma curva con dous mangos que abre os poros da pel e fai caer a raíz do pelo; *coitelo de escarnar*, que se diferencia do anterior en que é recto, estreito e con gume, utilízase para sacar as carnes; *pau de erguer*, de mango de madeira, que remata ao final nun gancho de ferro; *coitelo de aprimar*,

ancho e con dous gumes como o de raspillar dos carpinteiros, con dous mangos, un no sentido do eixe e outro cruzado; *t boa de pelar*, de madeira, de forma cóncava, cuxa orixe era un simple toro dunha árbore baleirado sostido por un cabalete para mantelo inclinado; *pranchas de calcar* de mango vertical para remexer na auga; *t boas de aprimar*, semellantes ás de pelar, pero máis estreitas; *mesa de engraxar*, feita de cortiza sobre un cabalete; *mazadoiro*, martelo de madeira coas caras de bater con saíntes prismáticos que permitía que a peza fose máis homoxénea e cunha espesura uniforme e á vez compacta; *lunetas*, coitelas en forma de coroa circular lixeiramente cónica coas beiras afiadas, cóllense por un burato situado no centro, cun forro de coiro arredor, co fin de que non corte; *estira*, ferramenta de pau que se emprega para quitarlle as engurras á pel; o *aparello de rematar*, formado por un largueiro entre dous cabaletes no que se prenden as pelicas por medio duns gan-




Tonel mecánico para o macerado

chos dos que colgan unhas pedras por medio dunha cadea para non deixar escapar o coiro; *mazadoiro de cortiza*, composto por unha peza plana.

Con estas ferramentas que se utilizaban usando exclusivamente o esforzo manual a preparación do coiro resultaba moi lenta e cansa. Coas máquinas íase acurtar en gran maneira o tempo do traballo o mesmo que o esforzo; velaquí algunhas.

O remollo de peles grandes facíase nun gran tonel, chamado *bat n*, composto por un eixe horizontal no que uns tacos de madeira, que sobresaen no seu interior, axudaban ao braceado das peles que se introducen no tonel por medio dunha porta que se cerra cuns traveseiros, o arrastre faise por medio dunha engrenaxe. Para as peles pequenas úsase o caixón xiratorio, que dá voltas tamén horizontalmente sobre unha diagonal. A limpa realízase por medio dunha máquina que xira arredor dun eixe mediante un motor sobre o que se aplican as peles, que se estrullan por mor de varios cilindros e se rañan cunhas coitelas sen gume. O curtido faise cun sistema de tambores onde se poñen as peles cun líquido curtidor. No zurrado sométense á acción de cilindros laminados que xiran de dereita a esquerda sobre unha superficie plana enriba da que van as peles, cuxo corte se realiza con máquinas de coitelas móbiles e fixas. Conséguese unha pel de grosor uniforme co pulidor, e o coiro que se presenta granoso comprímese coa máquina de chagrinar.



Esquema dun batán, sección vertical e horizontal

1- Porta con travesaños

2- Eixo oco

3- Engrenaxe de arrastre

4- Cadeniñas

5- Aros

**Comarcas de Galicia con marcada historia do curtido.
Adquisición de materia prima. Produtos finais obtidos co coiro.**



Lugares de tradición no curtido do coiro

<i>A Coruña:</i>	1- Ferrol	6- Melide
	2- Narón	7- Padrón
	3- Fene	8- Noia
	4- Pontedeume	9- Santiago
	5- Betanzos	
<i>Lugo:</i>	1- Viveiro	2- Chantada
<i>Ourense:</i>	1- Allariz	3- Cea
	2- Xunqueira de Ambía	
<i>Pontevedra:</i>	1- Vigo	3- Lalín
	2- Pontearreas	

drada no que se poden esculcar as zonas onde tiñan lugar as fases do curtido; aquí estaban as fábricas da Raspiña e Nogueiros. Pontevedra, coa bisbarra do “Val do Deza”, cuxo centro, Lalín, tivo a importante fábrica de Balado; “O Condado”, onde salienta a fabrica da Perillana en Pontearreas, que mantivo métodos tradicionais ata os anos sesenta. Tamén a expansión do Arsenal de Ferrol deu lugar ao importante curtidoiro de Maniños.

Entre as materias primas empregadas nos curtidoiros están as peles de gando vacún, equino e ovino, principalmente. O coiro de vacún é de tecido fibroso, elástico e de corte fino. O coiro de equino, aínda que de menor calidade que as peles de vacún, é apreciado pola súa gran resistencia. A pel de año e de ovella coa pel pegada recibe o nome de *badana*, o mellor dos materiais que ofrece a natureza para illar, porque chucha a lentura e a suor, moi agradábel para pezas de roupa de vestir. Algunhas *badanas* cúrtense dun xeito especial

O curtido das peles acadou a máis de cincuenta concellos galegos. Non obstante houbo unhas bisbarras sobranceiras, entre as que salienta na provincia da Coruña a “Terra de Bergantiños”, cunha fábrica, a de “Queijo” en Carballo, que aínda continúa na actualidade; “Terra de Noia”, coa fabrica de Chau Chau, que fornecía as peles curtidas ao importante gremio de zapateiros; “Terra de Melide”, onde había bos curtidores que empregaban métodos tradicionais, cuxo gremio tiña píos e muíños como lembra a “Rúa da Moa”; a bisbarra do “Ullán”, cos importantes centros de Pontecesures, Valga e Dodro; Santiago, coa fábrica de Guadalupe, que ocupaba un predio de gran vagantío que hoxe deu lugar ao arrabalde de Vite; Betanzos, cos curtidoiros de Montellos, Caraña, Magdalena e Carregal; Padrón, co da Matanza e o actual de Picusa. Na provincia de Lugo, o “Val de Lemos”. En Ourense, a “Terra de Allariz” foi outro dos lugares que gozaron en sobexo da actividade do coiro, que nos lembra o seu museo nun edificio de planta cadrada

para podelas lavar en auga morna e enxugalas con aire quente sen que se estraguen.

Por seren doadas de traballar, as peles de cervo, gamo e reno son a tergo na confección de luvas; as de porco dan lugar a un coiro poroso forte, resistente e velaño; as peles de cabuxa son finas e empréganse para facer calzado de alto prezo; a pel de búfalo é pesada.

Polo xeral os produtos que se obtiñan das peles correspondían á parte da carne, agás os curtidos destinados á marroquinería, nos que se coidaba máis a flor ou parte do pelo. Recibían diversos nomes, segundo fose o tamaño. O máis grande era a *seleira*, que se usaba para arreos de animais e guarnecería. A *vaqueta*, pel que se destinaba ao calzado forte. A pel de tenreiro, para facer botas. Badana de año, en particular as da raza merina, para confeccionar pezas de roupa de vestir porque resulta lisa e branda. Importante é o produto da pel que resta despois de sacar o colo e a faldra, chamado *crup n* en Castela.

Aínda que o obxectivo dos curtidoiros galegos era conseguir coiro, unha fábrica de curtidos vendía tamén todos os refugallos do proceso de fabricación. Así, a casca enxota e sen apenas tanino destinábase a quentar as lareiras. Cos restos da carne conseguíase un pan que se utilizaba para facer pegamento que usaban os carpinteiros e as fábricas de papel. O pelo que se desprendía da pel emprégase para fabricar cepillos e brochas.

Situación do sector e da peletería actual en Galicia.

O curtido do coiro tivo en Galicia unha salientábel importancia, xa que había moitos curtidoiros espallados polos concellos; pero a principios do século XIX, nos países europeos máis avanzados, a revolución industrial implicou unha nova liña a seguir polos curtidoiros. Nos lugares onde había máis concentración de fabricas, como Cataluña, incorporáronse a estes avances técnicos co uso de novos curtidores, como eran o emprego de bombos xiratorios movidos a vapor e máis tarde pola electricidade, máquinas para dividir, alisar, etc. A pesar disto, as fábricas de Galicia continuaron ancoradas nos métodos tradicionais, o que significaba unha actividade cada vez máis cativa.

Na actualidade Galicia está á procura do prestixio de antano superando as dificultades, que son moitas, e tentando unha recuperación do sector. Así contamos cun determinado número de empresas en diversos puntos de Galicia que teñen o seu mercado espallado por todo España e mesmo por Europa. Entre elas, na provincia da Coruña, hai que salientar as xa nomeadas de Xesús Queijo Pallares en Carballo e Picuda en Padrón. Estas fabricas obteñen como produtos finais o que se destina á marroquinería, é dicir, carteiras, petacas e artigos de viaxe e de guarnecería para cabalerías, como selas de montar, atafais, cinchas, alforxas, partes dos estribos e, sobre todo, as botas. Como o futuro é herdeiro do presente, temos que velo con optimismo.

A peletería en Galicia conta con grandes superficies dedicadas a roupa confeccionada con pel de año de raza merina, principalmente en Monterroso (Lugo). Non obstante, o sector é tan só comercial ao seren pezas importadas de distintos países, principalmente da China.

Refráns, ditos, adiviñas, cantigas e lendas relativas ao oficio.

Refráns

- ~ De vacas e xatos van os coiros ao mercado.
- ~ Do coiro sae a correa.
- ~ Do coiro alleo boas peallas se fan.
- ~ Outubro vi ateiro, pai do bo coiro.
- ~ Para amolecer o coiro, os fornos e lavadoiros.
- ~ O coiro e o queixo mercalo.
- ~ Hai moitos burros da mesma cor do coiro.
- ~ Ao coiro e ao queixo consello.
- ~ Non te engurres coiro vello que te quero para tambor.
- ~ En coiro nac n, en coiro me vexo, nin ga o nin perdo.
- ~ Quen se mete a maromeiro pode romper o coiro.
- ~ Do coiro alleo correas longas.
- ~ O coraz n non envellece, o coiro quen se engurra.
- ~ Ao coiro de agasallo non se lle ve correa.
- ~ Bolsa sen cartos chama coiro.
- ~ Non amigo de verdade aquel que non pela o coiro

Ditos

- ~ Deixar a un en coiros.
- ~ En coiro vivo.
- ~ Entre coiro e carne.
- ~ Expo er un o coiro.
- ~ Non darlle a un o coiro para unha cousa.
- ~ Pr un o coiro e as correas.
- ~ M is falso ca unha moeda de coiro.
- ~ Ao bo larpeiro rel celle o coiro.
- ~ Do coiro lle saen.
- ~ Estar feito un coiro.
- ~ do coiro do trasno.
- ~ Na casa do carpinteiro porta de coiro.

Adiviña

- Do alto me miras, comerme quer as.
- Ti morrer s e eu ficarei.
- De ti se far onde eu me meterei.

Cantigas

- ↻ *O crego de Vigo xastre,
o de Cangas mari eiro,
o de Ourense afiador,
o de Allariz curtidor.*
- ↻ *Costureira pan no cribo,
tecel no tear,
xastre tixola no lar,
curtideiro o pote cheo.*
- ↻ *Este pandeiro que toco,
por moito que lle repenique,
non te as medo que rache
que de coiro de cacique.*
- ↻ *Non hai quen poida
coa xente pelexeira,
pelexeira, curtidora,
non hai quen poida
por agora.*
- ↻ *Este pandeiro que toco
che de coiro de ovella,
onte pastaba no monte
hoxe brinca que rabea.*

Lenda

Na antiga Grecia non había artesáns especializados en determinados oficios, senón que cada un debía desempeñar varios deles. Entre estes estaba Tiquío, curtidor de peles, quen recibiu o encargo de facer un escudo de coiro para o fillo do gobernador de Salamina, "Ajax", que o librase do frío; pero sobre todo que non o puidesen atravesar as lanzas, pois ía partir para a guerra de Troia. Tiquío aceptou, a condición de que lle trouxese as peles. "Ajax" cazou sete touros bravos e mandoulle as peles ao artesán, que as coseu para formar o escudo. Por mor diso quedou dende entón como exemplo de bo zapateiro, de maneira que se alguén salientaba neste oficio dicían: "*D se m is ma a que Tiqu o*".

Conto

Nunha desas vellas cidades do medievo que levaban a un mundo fantástico, irreal e misterioso, onde teñen lugar historias con tintura de fantasía, vivía un artesán do coiro de grande habelencia, pois mesmo facía unha badana para un tambor, unhas alforxas para cabalos que unhas botas coa pel que el mesmo ía mercar nas feiras. Como traballaba arreo comezou a ter e sona de gañar moitos cartos, e así un día recibiu a visita dos amigos do alleo que aproveitando as sombras da noite entraron no obradoiro e pedíronlle todos os cartos que gañara no día. O artesán gardábaos nun tallo con tapa de coiro que usaba para sentar, polo que lles respondeu: "Os cartos están debaixo do meu cu". Os ladróns pensaron que se burlaba deles e déronlle unha malleira que o deixaron atordado. Cando espertou, non saía do seu abraio esgutiando: "Madía leva, que por dicir a verdade case me matan".

RESCATANDO UN ANACO DA NOSA CULTURA



NOVO CERTAME CONVOCATORIA ANO 2012

TEMA: "Os pontóns. Xeitos de salvar os regatos"

SYNGENTA AGRO, continuando coa tradición deste "**Almanaque**" de rescatar anacos da nosa cultura, establece para este ano un novo Certame dotado cun PREMIO DE 650 € ao mellor traballo sobre o tema "**Os pontóns. Xeitos de salvar os regatos**". O traballo gañador publicárase na próxima edición do "**Almanaque agrícola ZZ**".

BASES DO CERTAME

- 1) Poderán participar todas as persoas que o desexen, agás os distribuidores e empregados da Compañía e os seus familiares directos.
 - 2) Os concursantes deberán enviar os seus traballos a Syngenta Agro, referencia "CONCURSO" a A Relva s/n 36400 O Porriño (Pontevedra) antes do 30 de setembro de 2012. Os traballos achegados non serán devoltos e a Compañía poderá empregalos para outras publicacións da mesma.
 - 3) Os traballos han de estar redactados no **idioma galego normativo**, cunha extensión máxima de seis follas con letra e espazo normal, sendo tamén necesario remitilos á empresa nalgún soporte informático (CD, memoria USB, etc). Admitiranse traballos informáticos, que serán enviados á ligazón www.syngentaagro.es, e deberán versar sobre os seguintes aspectos.
 - Non se piden grandes pontes de cidades, aldeas ou vilas, senón esas pequenas construcións do enxeño rural e civil que adornan regatos e regos e que valeron para salvarlos: pontóns, pontellas, ponticelas, pasos, poldras, pasadas, peares, etc.
 - Orixe destas construcións e evolución das mesmas. Principais características arquitectónicas e construtivas.
 - Procesos de construción, materiais segundo as zonas e combinación dos mesmos.
 - Dado o tema, importante o apartado gráfico de esquemas, esbozos, gráficos, mesmo planos ou fotografía de elementos senlleiros.
 - Refrás, ditos, cantigas ou pequenas lendas relativas a algunha destas construcións se as houber.
- Nota: no apartado gráfico valoráranse só gráficos ou debuxos inéditos, non se admitirán fotografías baixadas de internet.
- 4) O Xurado que outorgará o premio ao mellor traballo estará composto por persoal de SYNGENTA coñecedor da cultura galega, e o seu veredicto darase a coñecer a partir do 1º de outubro de 2012.

Novo Karate Zeon Plus

fixate ben, porque agora é 1.5 CS

PLUS

sensiblemente
mellor

Máis seguro,
máis práctico
e máis rendible.



 **Karate Zeon+**[®]
1.5 CS

syngenta.

Un pequeno detalle. Unha gran diferenza.





As novas Castes de Vide

A variedade "Lado"

1. Introducción:

Varietade branca de alta calidade localizada con carácter case exclusivo na zona de Arnoia, en particular no lugar coñecido como "O Remoíño". A súa localización tan concreta nesta zona de terreos pertencentes ao Mosteiro de Celanova na época medieval e a súa reducida variabilidade xenética suxiren con claridade a súa implantación desde este Mosteiro en épocas do medievo.

A variedade introduciuse recentemente como preferente no Regulamento da D.O. Ribeiro.



2. Ampelografía:

Brote: bastante aberto, con extremidade non pilosa e fortemente pigmentada.

Bacelo: entre semiergueito e ergueito, sen pilosidade aparente, de cor verde avermellada.

Folla: adulta grande, de contorno orbicular, pentalobulada e con dentes de tamaño mediano. Seo peciolar aberto en V.

Acio: de tamaño mediano, algo compacto, con pedúnculo curto.

Bago: mediano, entre esférico e elíptico, de cor verde dourada na madurez.



3. Características agronómicas:

Varietade de brotación precoz e maduración media. Ben adaptada a solos granitoides, con boa tolerancia á seca estival.

Produción media (10 a 11.000 Kg/ha), mostos de boa gradación alcohólica con lixeira aresta aceda, moi aromáticos.

Posúe certa resistencia a mera e oídio, pero pouca a botrite, o que esixe unha vixilancia especial, cun programa de control adecuado.



4. Características enolóxicas:

Viños de gradación alcohólica media-alta, con certa aresta aceda. Aromas potentes, moi persoais, aínda que algo rectilíneos e pouco diversificados. Moi potente en boca e con posgusto moi persistente.

É, sen dúbida, unha das variedades galegas de mellor calidade, prestándose ben a mesturas con variedades que lle poidan achegar corpo, frescura e suavidade de boca, como é o caso de Torrontés.



¡boa Uva, bo VIÑO!

Que, ao final, o que
de verdade importa
é a calidade



Switch[®]



syngenta



Máis protección
Máis eficacia

Xaneiro



O TEMPO

Días moi anubados e tamén afriaxados, con choivas que, aínda que non serán fortes, é probable que duren varios días seguidos. No primeiro do mes, o tempo será mais enxoiito,






máis húmido por entremedias, para voltar a unha melloría cara ó final.

Tempo de facer lume para quentar as casas, e nas horas máis mainas convén seguir coa poda de videiras e froiteiras.

"Amor? O da nai. Que outro mellor hai?"

"Miña naiçíña querida, como miña nai ningunha; que me quentou a cariña, co calorciño da súa"

DATOS CLIMATOLÓXICOS

						
	Estación de recollida de datos y media anos	Temperatura media das máximas (°C)	Temperatura media das mínimas (°C)	Temperatura media do mes (°C)	Días de choiva	Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2011)	13,08	4,93	9,00	16	118,81
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2011)	11,47	4,42	7,72	19	233,09
Lugo	Campus Lugo (2000-2010)	10,60	6,72	6,14	13	96,33
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2011)	13,08	7,10	10,12	15	109,06
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2011)	9,51	3,80	6,63	12	98,43
	Ourense-Ciencias (2005-2011)	12,27	4,53	7,93	11	98,69
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2011)	11,10	1,78	6,17	15	131,88
	Corón-V. de Arousa (2002-2011)	13,39	7,50	10,52	13	160,78

1 D.

Nai de Deus. S. María.

1953. *Publicase o primeiro número do Almanaque agrícola ZZ. Sempre en idioma gallego normativo, é un manual agrario de carácter técnico, etnográfico, e con diversos contidos vencellados a sabiduría popular. 100.000 exemplares de tirada anual.*



2 L.

Ss. Basilio; Gregorio.

3 M.

S. Xenoveva.

4 M.

Ss. Iolando; Rigoberto.

1882. *Sae á rúa o primeiro número de La Voz de Galicia.*

1922. *Pepe Da Pena (José Cerviño García), morre en Cotobade, un dos mellores santeiros (construtores de cruceiros).*

1977. *Lei sobre a reforma do Rexistro Civil para traducir os nomes propios ó galego.*

5 X.

S. Emilia.

1976. *Créase o Consello de Forzas Políticas.*

6 V.

A Epifanía. Os Santos Reis, Melchor, Gaspar e Baltasar.
Ss. Wilma; Melanio.

7 S.

S. Raimundo.

1950. *Morre Castelao en Bos Aires.*

8 D.

Bautismo do Señor.

Ss. Luciano; Eladio.

1979. *Fúndase en Barcelona Edicións Sotelo Blanco.*

9 L.

S. Lucrecia.



Lúa
Chea

10 M.

S. Gonzalo.

11 M.

S. Alexandre.

1533. *A Xunta de Goberno do Novo Reino de Galicia acorda aumentar dúas provincias: A Coruña e Tui.*

1859. *Nace en Carballo Alfredo Brañas.*

12 X.

S. Xulián.

1912. *Nace en Celanova o escritor Celso Emilio Ferreiro.*

13 V.

S. Hilario.

14 S.

S. Félix.

15 D.

Ss. Raquel; Amaro.

16 L.

S. Marcelo.



Cuarto
Minguante

17 M.

Ss. Antón Abade; Guido.

18 M.

Ss. Prisca - Priscila.

19 X.

S. Mario.

20 V.

Ss. Sebastián; Fabián.

1765. *Inaugúrase na Coruña a Academia de Agricultura.*

21 S.

S. Inés.

22 D.

Ss. Laura Vicuña; Vicente.

23 L.

S. Virxinia.



Lúa
Nova

24 M.

S. Francisco de Sales.

25 M.

S. Elvira.

26 X.

Ss. Timoteo; Tito; *Guímar;*
Ansurio; Viliúlfo.

27 V.

Ss. Ánxela Merici.

28 S.

S. Tomé de Aquino.

1731. *Primeira sesión da "Academia Literaria Compostelana", presidida por Pablo Mendoza de los Ríos.*

1902. *Nace o pintor Urbano Lugrís.*

29 D.

S. Valerio.

1899. *Nace en Rianxo o escritor Rafael Dieste.*

1930. *Morre o poeta Manoel Antonio.*

30 L.

S. Martiña.

1886. *Nace en Rianxo Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.*

31 M.

Ss. Xoán Bosco; Marcela.

1809. *Ocupación de Vigo polas tropas francesas.*

1820. *Nace en Ferrol Concepción Arenal.*





O TEMPO






Continuará o tempo con días anubados e ventosos, con choivas xa ben abundosas; pero cando o tempo vire, poida que sexa máis quedo pero frío, con neves nas montañas e xeadas no val.

Remate da poda e tempo de facer as novas plantacións de todo tipo de árbores.

"Rapazas o San Brais, que festas non hai mais"

"A boa moza non a busques na romaría, búscala co traxe de cada día"

DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Días de choiva	 Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2011)	14,19	3,77	8,73	10	86,31
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2011)	13,92	3,98	7,70	9	134,74
Lugo	Campus Lugo (2000-2011)	12,28	5,82	6,29	10	77,44
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2011)	13,40	6,30	9,80	10	87,00
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2011)	12,30	4,40	7,90	7	71,30
	Ourense-Ciencias (2005-2011)	15,30	4,00	8,80	8	77,60
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2011)	12,70	0,80	6,30	8	96,90
	Corón-V. de Arousa (2002-2011)	14,50	7,10	10,60	11	93,10

1 M. S. Severiano.


2 X. S. Candeloria. Presentación do Señor.

3 V. Ss. Brais; Óscar; Francisco Blanco.
1807. Nace en Ferrol o pintor Pérez Villaamil.

4 S. S. Xilberte.
1135. Fundación do mosteiro de Aciveiro (Forcarei).
1864. Nace en Betanzos Salvador Cabeza De León.
1893. Morre en Vigo Concepción Arenal.

5 D. Domingo de Septuaxésima
S. Ádega.

6 L. Ss. Doris; Paulo Miki.

7 M. S. Gastón.
 Lúa Chea
1876. Primeiro número da publicación *O Tío Marcos da Portela*, totalmente en galego, dirixido por Valentín Lamas Carbajal.

8 M. Ss. Xerome Emiliano; Xacoba.
1835. Nace en Ponteceso o escritor Eduardo Pondal.

9 X. S. Rebeca.

10 V. S. Escolástica.
1810. Motín obreiro en Ferrol capitaneado por Antonia Alarcón.
1890. Naufraxio do buque inglés *The Serpent* ó carón do Cabo Vilán.

11 S. Nosa Señora de Lurdes.
1885. Nace na Coruña o escritor Wenceslao Fernández Flórez.

12 D. S. Pamela.

13 L. S. Beatriz.

14 M. Ss. Cirilo; Valentín.

 Cuarto Minguante

15 M. Ss. Fausto; Xurxa.
1765. *Sae á rúa o xornal La Región*.
1944. *Constitución do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento*.


16 X. S. Samuel.

17 V. S. Aleixo.

18 S. S. Bernarda.

19 D. S. Álvaro.
1949. Fundación de Cerámicas do Castro.

20 L. S. Clodio.

21 M. Martes de Entroido
 Lúa Nova
S. Severiano.
1900. Morre en Compostela Alfredo Brañas, político e economista.

22 M. Mércores de Cinza
Ss. Eleonora, Nora.

23 X. S. Florencio.
1908. Nace en Botos (Lalín) o pintor José Otero Abeledo "Laxeiro".

24 V. Ss. Rubén; Serxio.
1837. Nace en Santiago Rosalía De Castro.
1985. Comeza a emitir a Radio Galega.

25 S. Ss. Néstor; Sebastián de Aparicio.
1861. Nace en Pontevedra o pianista Carlos Sobrino.

26 D. S. Augusto.

27 L. S. Leandro.

28M. S. Román.
1981. Morre en Vigo o escritor Álvaro Cunqueiro.

29M. Rufino mr.

Marzo








O TEMPO

Tempo xeado e solleiro só por algún días. Mais adiante virán os anubados e os ventos con choivas que poderán chegar a ser abondosas; pero cando o tempo parece mellorar, seguiremos falando de época de inverno. Tempo de preparar terras e limpar brozas antes de que agromen.

*"Deus creon á muller e a muller creon o fogar"
"A muller de bo recado, enche a casa ata o tellado"*

DATOS CLIMATOLÓXICOS

						
	Estación de recollida de datos y media anos	Temperatura media das máximas (°C)	Temperatura media das mínimas (°C)	Temperatura media do mes (°C)	Días de choiva	Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2011)	16,15	5,53	10,64	12	116,53
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2011)	16,42	5,57	9,17	12	209,36
Lugo	Campus Lugo (2000-2011)	14,86	7,38	8,90	13	86,05
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2011)	15,00	7,80	11,30	13	87,30
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2011)	14,10	4,90	8,90	7	49,20
	Ourense-Ciencias (2005-2011)	17,50	6,10	11,30	8	64,00
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2011)	15,10	2,40	8,40	8	102,80
	Corón-V. de Arousa (2002-2011)	15,90	8,70	12,30	10	111,20

1 X. S. Rosendo.
1493. Arribada da caravela *La Pinta* ó porto de Baiona, pilotada polo pontevedrés Sarmiento.



2 V. S. Lucio.
1886. Nace na Coruña o compositor Eduardo Rodríguez Losada.

3 S. S. Celidonio.

4 D. Ss. Ariel; Capitón.
1889. Nace en Cambados o escultor Francisco Asorey.
1936. Morre o galeguista Antón Vilar Ponte.

5 L. S. Olivia.
1888. Nace en Ourense Ramón Otero Pedrayo.

6 M. S. Elcira.
1856. Banquete intelectual de Conxo, con Pondal e Aurelio Aguirre.

7 M. Ss. Perpetua; Felicidade.
1908. Morre en Cuba o escritor Curros Enríquez.
1909. Nace en Santiago Xosé M^a Castroviejo.

8 X. S. Xoán de Deus.
1917. Morre na Coruña Eduardo Pondal.



9 V. S. Francisca Romana.
1695. Nace no Bierzo Frei Martín Sarmiento.

10 S. S. Macario.
1944. Edítase en Bos Aires *Sempre* en Galiza de Castela.
1965. Morre en Belesar o derradeiro guerrilleiro da Resistencia Galega Xosé Castro Veiga "O Piloto".

11 D. S. Eulolio.

12 L. S. Norma.

13 M. S. Rodrigo.

14 M. S. Matilde.

15 X. S. Luísa de Marillac.



16 V. S. Heriberto.

17 S. S. Patricio.
1860. Morre en Madrid o pintor Álvarez De Sotomayor.

18 D. S. Cirilo.
1897. Nace en Pontecesures o pintor Carlos Maside.

19 L. S. Xosé.
1847. Fúndase o "Círculo de Artesanos" a prol do desenvolvemento cultural de Galicia.

20 M. S. Alexandra.
1886. Nace en Mugardos o pintor Felipe Bello.

21 M. S. Uxía.
1874. Nace na Coruña o músico Andrés Gaos.

22 X. S. Lea.
1992. Morte do poeta Antón Aviles De Taramancos.



23 V. S. Dimas.

24 S. Ss. Elba; Catarina de Suecia.

25 D. S. Anunciación.
1990. Morre en Santiago Ricardo Carvalho Calero.

Cambio horario (adiantárase o reloxo 1h)

26 L. S. Braulio.
1930. Pacto de Lestrove.

27 M. S. Ruperto.

28 M. S. Octavio.
1809. Os exércitos de Morillo e Cachamuña liberan Vigo dos Franceses.
1966. Morre en Lalín o astrónomo Ramón M^a Aller.

29 X. S. Gladys.

30 V. S. Artemio.



31 S. Ss. Benxamín; Balbina.
1901. Nace en Pontearreas o escritor Fermín Bouza Brey.

Abril



O TEMPO






Tempo frío e chuvioso con algunha treboada. Máis adiante voltárase máis morno, pero seguirán os ceos entoldados; preto do final, nubes e claros pero sen deixar de ser chuvioso e afriaxado.

Xa é tempo de moita faena, na preparación das hortas e das primeiras sulfatas.

"En abril queima a moza o mandil"

"A muller de bo aliño, cría, fia, debanda e vende o liño"

DATOS CLIMATOLÓXICOS

						
	Estación de recollida de datos y media anos	Temperatura media das máximas (°C)	Temperatura media das mínimas (°C)	Temperatura media do mes (°C)	Días de choiva	Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2011)	17,50	6,43	11,95	11	92,48
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2011)	16,16	6,63	11,00	12	136,41
Lugo	Campus Lugo (2000-2011)	17,14	8,54	10,66	11	69,54
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2011)	15,60	8,70	12,20	9	74,70
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2011)	17,60	6,80	11,50	11	66,30
	Ourense-Ciencias (2005-2011)	21,20	8,40	14,20	10	71,10
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2011)	16,90	3,60	10,00	12	85,80
	Corón-V. de Arousa (2002-2011)	18,10	10,60	14,10	11	93,60

1 D. Domingo de Ramos.

S. Hugo.

1188. Inauguración do "Pórtico da Gloria" da Catedral de Santiago.

1844. Comeza en Lugo a "Revolución Progresista Galega".
1917. Sae á rúa o xornal *El Ideal Gallego*.

2 L. Ss. Xandra; Francisco de Paula.**3 M.** S. Ricardo.

1841. Nace en Santiago o escultor *Isidoro Brocos*.

4 M. S. Isidoro.

1284. Morte de Afonso X o Sabio, creador das *Cantigas de Santa María*.

5 X. Xoves Santo.

S. Vicente Ferrer.

1889. Nace en Lugo o pintor *Jesús Rodríguez Corredoira*.

1896. Nace en Ourense o galeguista *Ben-Cho-Shey*.

1897. Morre na Coruña *Francisco de la Iglesia*, autor da letra da famosa *Alborada de Pascual Veiga*.

1902. Nace en Pontevedra o pintor *Arturo Souto*.

1979. Morre na Coruña *Luis Seoane*.

1926. *Xoaquín Loriga* inicia o voo *Madrid-Manila*.

6 V. Venres Santo.

S. Edith.



Lúa
Chea

7 S. Sábado de Gloria.

S. Xoán Bautista da Salle.

1963. Créase a *Fundación Penzol* en Vigo.

8 D. Domingo de Pascoa.

S. Constanza.

9 L. S. Demetrio.

1842. Nace o compositor *Pascual Veiga* en Mondoñedo, autor do *Himno Galego*.

10 M. S. Ezequiel.

1874. Nace na Coruña o pintor *Francisco Lloréns*.

1976. Morre en Ourense *Ramón Otero Pedrayo*.

11 M. S. Estanislao.**12 X.** Ss. Arnaldo; Xulio.

1888. O químico *Antonio Casares e Rodrigo* falece en *Compostela*.

13 V. Ss. Martiño; Aída.

1840. Nace en Lugo *Juan Montes Capón*, un dos mellores músicos galegos de todos os tempos.



Cuarto
Minguante

14 S. S. Máximo.**15 D. Domingo de Quasimodo - As Pascuiñas.** S. Crescente.**16 L.** S. Flavio.**17 M.** Ss. Leopoldo; Aniceto.**18 M.** S. Vladimir.

1978. Constitúese a *Xunta de Galicia*.

19 X. S. Enma.**20 V.** S. Edgardo.**21 S.** S. Anselmo.

Lúa
Nova

22 D. Ss. Karina; *Señoriña*.**23 L.** S. Xurxo.**24 M.** S. Fidel.**25 M.** S. Marcos.

1734. Nace na Coruña *José Andrés Cornide Saavedra*.

1974. *Revolución dos Caraveis* en Portugal.

26 X. Ss. Cleto; Marcelino.

1846. *Mártires de Carral*: fusilamento do coronel *Solís* e os seus compañeiros do alzamento contra o goberno absolutista de *Narváez*.

27 V. Ss. Zita; Toribio de Mogrovejo.**28 S.** S. Valeria.**29 D.** S. Catarina de Siena.

Cuarto
Crecente

30 L. Ss. Amador; Pío V.

1963. Falece en Ourense *Vicente Risco*.

Maio








O TEMPO

Veen as flores entre días húmidos e raioliñas de sol; pero naqueles días claros, a friaxe das noites farase sentir aínda forte. Se o vento vira, vindo do mar, o tempo quedará algo mais quente, pero moi anubado, máis mollado e con poucas horas de sol. É tempo de facer todo tipo de sementeiros e plantacións, pero no medio de tanto labor habemos de facer un alto para festexar o Santo Isidro.

*"O que non colle moza en maio, non a colle en todo o ano"
"A boa muller, a casa sabe encher"*

DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos e media anos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Días de choiva	 Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2010)	19,47	8,73	14,11	11	78,09
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2010)	19,77	8,69	12,92	11	91,13
Lugo	Campus Lugo (2000-2010)	19,49	10,52	13,12	10	58,01
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2010)	17,30	10,70	14,10	11	76,10
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2010)	19,40	8,60	13,20	10	56,20
	Ourense-Ciencias (2005-2010)	23,00	10,80	16,50	10	58,80
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2010)	19,30	5,60	12,50	10	71,80
	Corón-V. de Arousa (2002-2010)	19,80	12,40	15,80	8	66,50

1 M. S. Xosé Obreiro.
1880. Nace a primeira publicación periódica de Galicia: El Catón Compostelano.

2 M. Ss. Anastasio; Boris.
1988. Morte do escritor Ben-Cho-Shey en Madrid.

3 X. S. Santa Cruz.

4 V. S. Filipe e Santiago.
1907. Fúndase o Centro Gallego de Bos Aires.

5 S. S. Xudit.

6 D. S. Eleordo.



Lúa
Chea

7 L. S. Domitila.

8 M. S. Segundo.

9 M. S. Isaías.

10 X. S. Antonio/a.

11 V. S. Estela.

12 S. Ss. Pancracio; Nereo.



Cuarto
Minguante

13 D. Nosa Señora de Fátima.

14 L. S. Matías.
1589. O pirata Drake asedia a cidade da Coruña.

15 M. S. Isidro.

16 M. Ss. Honorato; Eufasio.
1984. Constitúese a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística.

17 X. **Ascensión do señor.**
S. Pascual Bailón.
1833. Nace Manuel Murguía en Arteixo.

1863. Edítase en Vigo a primeira edición de Cantares Gallegos de Rosalía de Castro.
1963. A Real Academia Galega institúe o Día das Letras Galegas.

18 V. Ss. Enriqueta; Corina.
1916. Créase na Coruña as Irmandades dos Amigos da Fala.
1970. Fúndase o Museo Maside de Arte Contemporánea en Sada.

19 S. Ss. Yvo; Yvone.

20 D. S. Bernardino de Siena.

21 L. Ss. Constantino; Trocado.



Lúa
Nova

22 M. Ss. Rita; Quiteria.

23 M. S. Desiderio.

24 X. Ss. Marta Auxiliadora; Susana.

25 V. Ss. Beda; Gregorio.

26 S. S. Mariana.
1898. Nace en Soutelo de Montes Avelino Cachafeiro Bugallo, considerado o mellor gaitero de Galicia.

27 D. **Domingo de Pentecostés.**
Ss. Emilio; Agostiño de Cantobery.

28 L. S. Xermán.



Cuarto
Crecente

29 M. Ss. Maximiano; Hilda.

30 M. Ss. Fernando / Hernán; Xoana de Arco; Lorena.

31 X. S. Visitación.
1915. Nace Ramón Piñeira na Láncara.

San Xoán

O TEMPO









E staremos á espera do bo tempo, pero no primeiro aínda non quere vir. Algúns días mollados, outros máis solleiros, pero segundo o mes vai camiñando, o tempo vaise asentando. Chegando o San Xoán xa se poderá falar de un bo tempo.

Os días que xa son moi longos, quedaranse curtos para tanta faena que nestas datas hai que levar a cabo nas viñas, nas hortas e nas praderías.

"Cada parto unha ventura, cada parto un sobresalto"

"Saber escoller boa muller, é moito saber"

DATOS CLIMATOLÓXICOS

	 Estación de recollida de datos y media anos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Días de choiva	 Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2010)	22,61	11,77	17,25	6	42,55
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2009)	21,83	11,81	16,14	6	57,09
Lugo	Campus Lugo (2000-2010)	23,68	13,37	16,87	6	42,77
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2010)	19,70	13,70	16,70	7	57,90
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2010)	22,90	11,20	16,30	4	26,70
	Ourense-Ciencias (2005-2010)	26,50	13,90	19,90	4	32,00
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2010)	23,60	9,10	16,40	5	34,30
	Corón-V. de Arousa (2002-2010)	22,60	15,30	18,60	6	63,30

1 V. Ss. Xustino; *Pedro Vázquez*.
1910. *Nace Luís Seoane en Bos Aires.*

2 S. Ss. Marcelino; Erasmo.

3 D. **Santísima Trinidad.**
S. Maximiliano.
1876. *Nace en Cambados Ramón Cabanillas.*
1903. *Nace Alexandre Bóveda en Ourense.*

4 L. S. Frida.



Lúa
Chea

5 M. Ss. Bonifacio; Salvador.

6 M. S. Noberto.

7 X. **Santísimo Corpus Christi.**
S. Clodio.
1809. *Batalla de Pontesampaio contra as tropas francesas de Ney na que interveu tamén o "Batallón Literario de Santiago".*

8 V. S. Armando.

9 S. S. Efrén.

10 D. S. Paulina.
1909. *Nace o poeta Aquilino Iglesias Alvariño en Abadín.*
1958. *Falece o pintor Carlos Maside en Compostela.*

11 L. Ss. Bernabeu; Trinidad.



Cuarto
Minguante

12 M. S. Onofre.
1874. *Nace en Vigo o músico e escritor Teodosio Vesteiro Torres.*

13 M. S. Antón.

14 X. S. Eliseo.
1987. *Publicase o primeiro número do "Atlántico Diario".*

15 V. Ss. Leonidas, Manuela.

16 S. S. Aurelio.

17 D. S. Ismael.

18 L. S. Salomón.

19 M. S. Romualdo.



Lúa
Nova

20 M. S. Florentino.

21 X. Ss. Raúl; Rodolfo; Luís Gonzaga.
Comenzo
do
verán

22 V. Ss. Paulino de Nola; Tomé Moro.

23 S. S. Marcial.

24 D. S. Xoán Bautista.
1891. *Xogos Florais do Idioma Galego en Tui, con intervencións de Murguía, Brañas e o bispo Lago González.*

25 L. Ss. Guillermo; *Tramunda.*

26 M. Ss. *Paio; Xoán Tersón.*

27 M. S. Cirilo.



Cuarto
Crecente

28 X. S. Ireneo.
1936. *Aprobación en plebiscito do Estatuto de Autonomía de Galicia.*

29 V. S. Pedro e Pulo.

30 S. S. Adolfo.

Santiago








O TEMPO

A boa calor deixárase sentir durante a maior parte do mes con días case que abafantes e outros algo neboentos. A sequidade cara ó final xa será forte, e poida que preto da festa do Apóstolo algunha treboada arrime algo de auga só por certas bisbarras. Risco de lumes nos montes e tempo de colleitas das nosas hortas, tamén serán

datos de moitas festas en case que todos os lugares de Galicia.

"Á muller e á gadaña non hai que escollela, hai que acertala"
"A dona traballadora, non quere home folgazán"

DATOS CLIMATOLÓXICOS

						
	Estación de recollida de datos e media anos	Temperatura media das máximas (°C)	Temperatura media das mínimas (°C)	Temperatura media do mes (°C)	Días de choiva	Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2011)	23,59	12,81	18,31	6	45,55
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2011)	22,03	12,69	16,97	8	44,64
Lugo	Campus Lugo (2000-2011)	24,50	14,87	17,92	4	27,22
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2011)	21,70	15,00	18,50	5	42,90
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2011)	26,10	12,00	17,70	4	23,10
	Ourense-Ciencias (2005-2011)	28,40	15,20	21,40	1	22,30
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2011)	24,50	9,80	17,20	4	25,60
	Corón-V. de Arousa (2002-2011)	23,70	16,10	19,50	6	45,60

1 D. S. Ester.
1824. Nace en Vigo o mariño Méndez Núñez.
1920. Morre na Habana Ramón Armada, fundador de A Gaita Galega, a primeira publicación en galego na América.

2 L. S. Gloria.
1861. Celébranse na Coruña os 1^{os} Xogos Florales de Galicia. As súas creacións literarias serán publicados no libro Album de la Caridad en 1862.

3 M. S. Tomé.
1528. Constitúese en Compostela o Reino de Galicia.



Lúa
Chea

4 M. Ss. Sabela; Eliana; Liliana.

5 X. Ss. Antón-María; Berta.

6 V. S. María Goretti.

7 S. S. Fermín.

8 D. S. Uxío.
1923. Anxel Casal promove a creación das Escolas do Ensino Galego, ofrecidas polas Irmandades da Fala.
1983. Fúndase o Consello da Cultura Galega.

9 L. S. Verónica.

10 M. Ss. Elías; Xoán Xacobo Fernández.

11 M. S. Bieito.



Cuarto
Minguante

12 X. S. Filomena.
1900. Nace en Rianxo o poeta Manoel Antonio.
1906. Morre o compositor galego Pascual Veiga, autor do Himno de Galicia ou a Alborada Gallega.

13 V. Ss. Henrique; Xoel.

14 S. S. Camilo de Lelis.

15 D. Ss. Boaventura; Xulio.
1885. Morre Rosalía de Castro en Padrón.

16 L. S. Carme.

17 M. S. Carolina.

18 M. S. Federico.

19 X. S. Arsenio.
1989. Morre o etnógrafo e historiador Xaquín Lorenzo (Xocas).



Lúa
Nova

20 V. Ss. Mariña; Xosé M^a Díaz.
1979. Apróbase o decreto polo que o galego pasa a formar parte do sistema educativo galego.

21 S. S. Daniel.

22 D. S. María Madalena.

23 L. S. Brixida.

24 M. S. Cristina.
1985. Primeira emisión da Televisión de Galicia.
1967. Morre o galeguista Lois Peña Novo.

25 M. Santiago Apóstolo.
813. Descuberta a tumba do apóstolo Santiago polo bispo de Iria Teodomiro.
1965. O xesuíta Xaime Seixas celebra en Compostela a primeira misa en galego.

26 X. Ss. Xoaquín; Ana.



Cuarto
Crecente

27 V. S. Natalia.

28 S. S. Celso.

29 D. S. Marta.

30 L. S. Abdón e Senén.
1881. Nace en Vigo o xornal La Propaganda, creado por Ricardo Mella para a defensa e ilustración da clase obreira.

31 M. S. Ignacio de Loyola.

Agosto



O TEMPO






A sequidade dura e o bo tempo e a calor tamén, pero xa con noites máis fresquiñas. As néboas do mediado do mes en diante serán persistentes nas bisbarras da beiramar, e xa preto do remate do mes poida que teremos algúns días pasados por auga.

Cara ao final, cando o tempo xa refresca, poida que veña algunha auga para mellorar a vendimia.

"A muller onde pon o ollo, pon o logro"

"A muller, ou sabe querer, ou sabe aborrecer"

DATOS CLIMATOLÓXICOS

						
	Estación de recollida de datos y media anos	Temperatura media das máximas (°C)	Temperatura media das mínimas (°C)	Temperatura media do mes (°C)	Días de choiva	Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2011)	24,53	12,87	18,61	7	43,53
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2011)	23,82	13,01	17,28	7	73,41
Lugo	Campus Lugo (2000-2011)	25,49	15,39	18,23	5	32,41
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2011)	22,60	15,60	19,00	8	40,80
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2011)	26,50	12,80	18,70	3	10,60
	Ourense-Ciencias (2005-2011)	29,40	15,20	21,70	3	13,10
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2011)	25,60	9,90	17,60	5	39,70
	Corón-V. de Arousa (2002-2011)	24,50	16,70	20,10	4	43,40

1 M. S. Alfonso María de Ligorio.
1878. Sae á rúa o primeiro número do xornal El Correo Gallego.

2 X. S. Eusebio.



Lúa
Chea

3 V. S. Lidia.

4 S. S. Xoán María Vianney.

5 D. Ss. Osvaldo; Neves.

6 L. **Transfiguración do Noso Señor.**

7 M. Ss. Sixto; Caetano.

8 M. S. Domingos de Guzmán.

9 X. S. Xusto.



Cuarto
Minguante

10 V. S. Lourenzo.

11 S. S. Clara de Asís.
1903. Nace en Lugo o escritor Ánxel Fole.

12 D. S. Laura.

13 L. S. Víctor.

14 M. S. Alfredo.

15 M. **Asunción da Virxe María.**

16 X. Ss. Roque; Xema.

17 V. S. Xacinto.
1908. Sae á rúa o primeiro número de El Progreso de Lugo.
1936. Alexandre Bóveda é fusilado na Caeira (Pontevedra).



Lúa
Nova

18 S. Ss. Helena, Leticia.

19 D. S. Mariano.

20 L. S. Bernardo.

21 M. S. Pio X.

22 M. S. María Raíña.

23 X. S. Rosa de Lima.

24 V. S. Bartolomeu.



Cuarto
Crecente

25 S. Ss. Luís (rei); Xosé Calasanz;
Pedro Vázquez.

26 D. Ss. Tareixa de Xesús; César.
1990. Morre o galeguista Ramón Piñeiro.

27 L. S. Mónica.

28 M. S. Agostiño.

29 M. Ss. Xoán Bautista; Sabina.

30 X. Ss. Donato; Ero.
1879. Créase o Centro Gallego de Montevideo.

31 V. S. Ramón.
1979. Morre en Vigo o escritor Celso Emilio Ferreiro.



Lúa
Chea

Setembro








O TEMPO

Falarase dun mes con tempo fermoso, sen moita calor e sen que chegue o frío. Ceos con pequenas nubes brancas nalguns días, outros con néboas que ó final irán a máis e rematarán con auga.

As colleitas de patacas, millo, uvas e leña han de facerse con tempo seco, pois unha colleita mollada é colleita estragada.

*"Cando comezan as uvas a madurar, comezan as mozas a fiar"
"A forza das mulleres está na súa debilidade"*

DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Días de choiva	 Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2011)	23,79	11,22	17,09	6	47,24
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2011)	22,43	11,62	16,11	5	77,23
Lugo	Campus Lugo (2000-2011)	23,69	13,65	16,12	5	43,80
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2011)	21,30	14,00	17,40	6	49,50
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2011)	24,20	12,00	17,20	3	25,50
	Ourense-Ciencias (2005-2011)	27,30	13,30	19,50	5	37,00
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2011)	23,90	8,20	15,50	6	48,70
	Corón-V. de Arousa (2002-2011)	23,00	15,10	18,50	4	42,30

1 S. S. Arturo.

2 D. S. Moisés.

3 L. S. Gregorio Magno.


4 M. S. Irma.
1906. Morre o poeta Valentín Lamas Carvajal.

5 M. S. Victorino.

6 X. Ss. Eva; Evelyne.

7 V. S. Rexina.

8 S. Natividade da Virxe.
1897. Nace en Ourense o escritor Eduardo Blanco Amor.


Cuarto Minguante

9 D. Ss. Serxio e Omar; *Remedios.*

10 L. Ss. Nicolás de Tolentino;
Adalberto; *Pedro de Mezonzo.*

11 M. Ss. Orlando; Roldán.

12 M. S. María.

13 X. S. Xoán Crisóstomo.
1898. Morre en Pontevedra o galeguista Ramón Martínez López.

14 V. S. Imelda.

15 S. Nosa Señora das Dores.
1851. Nace en Celanova o escritor Cúrros Enríquez.

16 D. S. Cibrán.


Lúa Nova

17 L. S. Roberto.

18 M. S. Xosé de Cupertino.

19 M. S. Xenaro.

20 X. S. Amelia.

21 V. S. Mateu.

22 S. S. Maurício.


Cuarto Crecente
Comenzo do outono

23 D. Ss. Lino e Tegra.
1895. Nace en Lalín o aviador Xoaquín Loriga, o primeiro da aviación en Galicia.

24 L. Nosa Señora do Carme.

25 M. S. Aurelio.
1110. Afonso Raimúndez é proclamado rei de Galicia polo arcebispo Xelmírez.

26 M. Ss. Cosme e Damián.

27 X. S. Vicente de Paúl.

28 V. S. Wenceslao.

29 S. Ss. Miguel; Gabriel e Rafael.

30 D. S. Xerónimo.


Lúa Chea

O TEMPO








Camiñaremos cara os días chuviosos e venteiros, pero sen moita dura, pois voltará o tempo quedo e solleiro por máis dunha semanaña, pero con friaxe polas noites que farán xa caer as follas das videiras e froiteiras.

Festas do San Froilán en Lugo, pero antes debemos de ter feitas as colleitas das mazás e peras do inverno e comezaremos coas noces e castañas.

"O que non tén muller, moitos ollos ha mester para gardalo sen haber"
"O home pon e a muller dispoñ"

DATOS CLIMATOLÓXICOS

						
	Estación de recollida de datos y media anos	Temperatura media das máximas (°C)	Temperatura media das mínimas (°C)	Temperatura media do mes (°C)	Días de choiva	Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2011)	19,68	9,58	14,34	14	199,77
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2011)	18,72	9,58	13,16	13	299,46
Lugo	Campus Lugo (2000-2011)	18,67	11,66	12,61	13	147,12
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2011)	19,10	12,10	15,40	13	143,20
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2011)	18,20	9,40	13,30	7	96,00
	Ourense-Ciencias (2005-2011)	21,60	10,40	15,20	10	122,30
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2011)	18,30	6,50	11,90	12	221,40
	Corón-V. de Arousa (2002-2011)	19,70	12,50	16,10	11	188,40

1 L. S. Tareixa do Neno Xesús.
1884. O escritor Vicente Risco nace en Ourense.

2 M. S. Anxos Custodios
1881. Nace en Viveiro o galeguista Antón Vilar Ponte.

3 M. S. Xerardo.
1914. Nace en Silleda Ramón De Valenzuela .


4 X. S. Francisco de Asís.

5 V. Ss. Flor; Froilán.

6 S. S. Bruno.
1923. Morre Andrés Martínez Salazar, transcribiu a Crónica Troyana.

7 D. Nosa Señora do Rosario.

8 L. Nosa Señora de Begonia.
1676. Fr. Benito Jerónimo Feijoo nace en Casdemiro (Pereiro de Aguiar).


Cuarto Minguante

9 M. S. Dionisio.

10 M. S. Francisco de Borja.
1974. Creación do Museo do Traxe Galego.


11 X. S. Soidade.

12 V. Nosa Señora do Pilar.

13 S. S. Eduardo.

14 D. S. Calisto.

15 L. S. Tareixa de Ávila.
1702. Entra na ría de Vigo a escuadra que transporta 108 millóns de pezas de ouro e prata, o famoso tesouro de Rande.


Lúa Nova

16 M. S. Eduvixes.
1881. O músico Marcial De Adalid morre na Coruña.

17 M. S. Margarida Mª de Alacoque.

18 X. S. Lucas.

19 V. Ss. Paulo da Cruz; Renato.
1869. Nace en Mondoñedo o escritor Noriega Varela .

20 S. S. Irene.
1929. O compositor Reveriano Soutullo estrea o pasodobre Pontearreas.

21 D. S. Úrsula.
1886. Nace o filósofo Xoán Vicente Viqueira.

22 L. S. Sara.



23 M. S. Remixio.
1923. Fundación do Seminario De Estudos Galegos.

24 M. Ss. Antón Mª Claret; Paderna.

25 X. S. Olga.
1854. Nace en Mondoñedo Manuel Leiras Pulpeiro.


26 V. S. Darío.

27 S. S. Gustavo.

28 D. Ss. Simón; Xudas.



29 L. S. Narciso.
1977. Inauguración do Museo Do Pobo Galego .


Lúa Chea

30 M. S. Alonso.
1920. Aparece o primeiro número en Ourense da revista "NÓS".

31 M. S. Lucía.

Novembro

O TEMPO








Teremos un mes en que o tempo se tornará ventoso e chuvioso, un día si e outro tamén. Logo, algúns claros con sol temeroso e con pouca dura; xa no final chuvias miúdas, días neboentos e moi afriaxados.

Serán datas de acomodar o viño coas primeiras trasfegas, rematar de facer a augardente e facer os buratos para a plantación de árbores.

"Os homes fan as leis, as mulleres fan os costumes"

"A muller co seu marido, debaixo dunha pena fai abrigo"

DATOS CLIMATOLÓXICOS

						
	Estación de recollida de datos y media anos	Temperatura media das máximas (°C)	Temperatura media das mínimas (°C)	Temperatura media do mes (°C)	Días de choiva	Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2011)	15,62	6,17	10,86	12	144,68
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2011)	13,74	6,70	9,89	12	175,66
Lugo	Campus Lugo (2000-2011)	13,13	8,74	8,21	12	99,75
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2011)	15,30	8,80	12,20	12	128,10
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2011)	12,60	5,90	8,80	11	93,00
	Ourense-Ciencias (2005-2011)	15,50	6,80	10,60	13	109,90
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2011)	13,70	3,40	8,10	13	148,00
	Corón-V. de Arousa (2002-2011)	16,20	9,20	12,90	13	219,80

1 X. Todos os Santos.
1567. Nace en Baiona Diego Sarmiento De Acuña, Conde de Gondomar.
1849. Nace en Ourense o escritor Valentín Lamas Carvajal.

2 V. Todos os Fieis Defuntos.

3 S. S. Martiño de Porres.
1853. Sae á rúa o primeiro número de Faro De Vigo.

4 D. S. Carlos Borromeo.

5 L. S. Silvia.

6 M. S. Leonardo.

7 M. Ernesto.



Cuarto Minguante

8 X. S. Ninfa.

9 V. S. Teodoro.
1959. Nace en Cambados o escritor Ramón Cabanillas.

10 S. S. León Magno.

11 D. S. Martiño de Tours.

12 L. S. Cristián.

13 M. S. Diego.
2002. Afundimento do petroleiro Prestige fronte ás costas galegas.



Lúa Nova

14 M. S. Humberto.
1738. Nace en Noia o escultor Xosé Ferreiro.
1886. Nace en Ourense o investigador Florentino López Cuevillas.
1916. Sae á rúa o primeiro número da publicación galeguista "A Nosa Terra".

15 X. S. Alberte Magno.
1944. Créase en Montevideo o Consello De Galiza.

16 V. Ss. Margarida; Xertrude.
1877. Nace en Ourense o músico Francisco Santalices.

17 S. S. Sabela de Hungría.
1918. 1ª Asemblea en Lugo das Irmandades Da Fala.

18 D. S. Elsa.

19 L. Ss. André; Avelino.

20 M. S. Edmundo.



Cuarto Crecente

21 M. S. Presentación da Virxe.

22 X. Ss. Cecidia; Xoán de Pontevedra.

23 V. S. Clemente.
1879. Reunión de creación do Centro Galego Na Habana.

24 S. S. Flora.

25 D. S. Catarina Labouré.

26 L. S. Delfina.

27 M. Ss. Virxilio; Facundo; Primitivo.

28 M. S. Branca.



Lúa Chea

29 X. S. Saturnino.

30 V. S. André.
1232. Consagración da Catedral De Tui.
1833. As sete Provincias Galegas do antigo reino de Galicia pasan a ser as catro actuais.

Nadal



O TEMPO






O tempo vaise afriaxando cada vez mais; no primeiro, con ceos entoldados e tempo húmido con algunha treboada, mais adiante ha de clarear algo e comenarán as xeadas fortes; pero preto da Noiteboa poden volver os anubados que deixarán neve na montaña.

Tempo de preparar a matanza do porco e de començar os labores fondos das terras así como das plantacións de árbores.

"Nubes na montaña, mozas á borralla. Nubes na ribeira, mozas á soleira"

"Moza namorada, chora, ri, canta, e cala"

DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Días de choiva	 Precipitación total L/m ²
A Coruña	Mabegondo (2000-2010)	13,59	4,38	8,53	12	140,02
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2010)	12,99	4,71	7,87	16	214,37
Lugo	Campus Lugo (2000-2010)	10,33	6,51	4,82	12	100,37
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2010)	13,30	6,80	9,90	11	100,50
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2010)	9,70	3,50	6,40	12	87,30
	Ourense-Ciencias (2005-2010)	11,80	3,80	7,20	10	94,50
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2010)	11,50	1,50	6,00	14	156,40
	Corón-V. de Arousa (2002-2010)	14,00	7,70	10,80	14	161,00

1 S. S. Florencia.
1979. O escritor Eduardo Blanco Amor morre en Vigo.


2 D. **Primeiro Domingo do Advento.** S. Viviana.

3 L. S. Francisco Xabier.

4 M. Ss. Xoán Damaceno; Bárbara.
1967. Fundación de Edicións Do Castro.

5 M. S. Ada.

6 X. S. Nicolás.
1931. Fundación en Pontevedra do Partido Galeguista .


Cuarto Minguante

7 V. S. Ambrosio.

8 S. Inmaculada Concepción.

9 D. S. Jéssica.
1617. Cangas foi saqueada polos turcos.

10 L. Nosa Señora de Loreto. S. Eulalia.

11 M. S. Dámaso.

12 M. Nosa Señora de Guadalupe.
1925. O Pazo de Castrelos é doado a Vigo por Quiñones de León.

13 X. S. Lucía.


Lúa Nova

14 V. S. Xoán da Cruz.
1895. Nace en Betanzos o músico José Rodríguez Arriola.

15 S. S. Reinaldo.


16 D. S. Alicia.
1811. Nace en Pontevedra o escritor Xoán Manuel Pintos.
1884. Nace en Vilanova de Arousa o escritor Julio Camba.

17 L. S. Lázaro.
1900. Nace en Laxe o investigador e xeólogo Isidro Parga Pondal.
1932. Redacción do 1º Estatuto de Galicia.

18 M. S. Sonia.
1895. Nace en Lugo o escritor Luís Pimentel.

19 M. S. Urbano.
1981. Constitución do Parlamento De Galicia.

20 X. Ss. Abrahán; Isaac; Xacobe.
1907. O Himno Galego estréase no Gran Teatro da Habana.


Cuarto Crecente

21 V. Ss. Pedro Canisio; Aldara.
1121. Entrega de Dona Urraca a Xelmírez das Torres do Oeste.
1980. Referendo do Estatuto De Autonomía.

Comenzo do inverno

22 S. S. Fabiola.
1884. Nace en Ourense o escritor Antón Losada Diéguez.
1896. Primeira proba da luz eléctrica en Vigo.
1911. Nace en Mondoñedo Álvaro Cunqueiro.

23 D. S. Victoria.
1973. Morre en Vigo o pintor Urbano Lugrís.

24 L. S. Adela.

25 M. **Natividade do Noso Señor.**
Noel; Noelia.

26 M. S. Estevo.

27 X. S. Xoán.

28 V. S. Santos Inocentes.


Lúa Chea

29 S. Ss. Tomé Becket; David.

30 D. S. Roxelio.

31 L. S. Silvestre; Fránquila.

O sulfato anti-mildeu para:

- Viñedos
- Patacas
- Tomateiras



 **Cobre Súper[®]**
Plus

syngenta

Sulfato preventivo e curativo axeitado
para os viñedos de Galicia



Quiro de herbas medicinais

Fiollo do Monte *Anethum graveolems* L. Cast. eneldo. Sin. gatafeluda.

Descrición

Planta medicinal moi antiga, coñecida por exipcios, gregos e romanos, que a valoraban e usaban como remedio e condimento.

De aspecto similar ao fiúncho, di o médico español do século XVI Andrés de Lagoa que “se o gusto non fose o xuíz, facilmente se enganaría a vista, tomándose o un polo outro”.

Efectivamente, o fiollo do monte ten un sabor máis forte e picante ca o fiúncho, aínda que as propiedades des medicinais de ambos son moi similares.

Distribución e hábitat

Orixinario de Asia Menor, actualmente esténdese, tanto silvestre como cultivado, por toda a Europa mediterránea e América.

Planta herbácea da familia das Umbelíferas, que alcanza de 30 a 50 cm de altura.

O seu talo é estriado e oco, e as súas flores, de cor amarela, áchanse dispostas en umbelas de 15 a 30 radios desiguais.

Partes empregadas: sementes e follas.

Composición, propiedades farmacolóxicas e usos


As sementes do fiollo do monte conteñen unha esencia (3% - 4%), cuxo compoñente máis importante é a carvona, pero ademais posúen cetona terpénica, limonelo, filandreno, depenteno, diapol ou miristicina. A carvona é un poderoso carminativo (elimina os gases e flatulencias intestinais) e aperitivo, ademais das propiedades diuréticas e galactóxicas (aumenta a produción de leite en nais lactantes) así como lixeiramente sedante. Ten tamén o fiollo funcións emenagogas (estimula a menstruación).

É antihemorroidal e empéctico e está indicado para eructo e impo infantís, así como no exceso de gases no estómago (aerofaxia) e as flatulencias intestinais dos adultos.

Empregase como sedante tamén en caso de vómitos e no caso da lactación, non só para aumentala, como xa se dixo, senón para estimular a secreción de leite nas nais que aleitan.

Infusión: cunha culler sopeira (uns 15 g) de sementes, en medio litro de auga. Tomar dúas ou tres cunquiñas diarias logo das comidas.

As follas do fiollo do monte cheiran e saben a anís. Sérvense cun pouco de limón e cando a comida estea preparada, para que non perdan o seu aroma, mellor cortándoas a man que picándoas.



Silveira *Rubus Fruticosus* L.

Cast. zarzaneda, zarzón, cambronera, cambrón, espinu negro.
Sin. silva, xilbarda, xilbardeira.

Descrición

Dioscórides xa recomendaba as follas da silveira para o tratamento das hemorroides. Os seus froitos usáronse desde moi antigo na alimentación humana e constitúen unha excelente lambetada natural para nenos e adultos.

Arbusto espiñento da familia das rosáceas: “longa coma unha temoncela, ten dentes coma unha cadela”. Alcanza ata os 4 m de lonxitude. As súas flores poden ser brancas ou rosadas segundo especies, con 5 pétalos. Froito composto por varias drupas pequenas de cor morada ou negra cada cal cunha semente no interior.

Partes utilizadas: follas, talos tenros e froitos (moras).

Distribución e hábitat

Amplamente difundida por toda Europa nas beiras de camiños, paredes, ribazos, lindeiros e marxes, onde está naturalizada, así como no continente americano.

Composición, propiedades farmacolóxicas e usos

Os froitos conteñen ademais de tanino, glúcidos (glicosa, levulosa), provitamina A, vitamina C e ácidos orgánicos, polo que é unha froita moi rica en vitaminas. Polas súas propiedades astrinxentes é moi recomendada en casos de diarreas, gastroenterite e colite. Estes síntomas padecidos por nenos adoitan paliarse co zume de moras a culleradiñas ou xarope que se prepara co froito. Planta tamén moi recomendada para cadros de febre e debilitamento xeral, por ser o zume un magnífico tonificante e refrescante.

Recoméndase a silveira para afeccións bucofarínxeas. Tanto a decocción das follas e brotes como os brotes tenros e os froitos teñen un efecto beneficioso sobre as chagas bucais, xenxivite (inflamación das enxivas), estomatite (inflamación da mucosa bucal), farinxite e amigdalite.

Diminúe o azucre no sangue en pacientes diabéticos, obténdose resultados positivos en preparacións acuosas.

Suxeitando un brote tenro de silva entre os beizos e mastigándoo lentamente, o sabor lixeiramente amargo e doce que proporciona crea certa aversión cara ao tabaco e diminúe o desexo de fumar.



Ameneiro *Alnus glutinosa* L.

Cast. aliso, aliso común, aliso negro, alno.

Sin. amieiro, abeneiro.

Descrición

Os autores da antigüidade clásica descoñecían as variadas propiedades medicinais do ameneiro. Nos séculos XVIII e XIX, cando as febres palúdicas facían estragos e a quinina importada de América era difícil de conseguir, empregouse con éxito como febrífugo a cortiza de ameneiro.

Na actualidade, séguese usando o ameneiro en fitoterapia ademais de ter outras moitas aplicacións.

A súa cortiza emprégase para curtir o coiro e as súas serraduras para curtir carnes e peixes. A súa madeira, resistente á auga e practicamente imputrescible empregouse para construír pontes en lugares pantanosos e úsase tamén para calzados de inverno (zocos).

Árbore caducifolia, da familia das

Betuláceas, que pode alcanzar ata os 30 m de altura.

Tronco ergueito, con cortiza gretada de cor agrisada.

Follas simples, caducas, alternas, redondeadas e dobremente

dentadas e, o mesmo ca as puntas, pegañentas. Cor verde escura

pola face e verde clara polo envés. Árbore monoica que ten na mesma planta flores masculinas agrupadas en amentos de 6 a 12 cm e femininas formando pequenas piñas de 1 a 2 cm.



Distribución e hábitat

Crece frecuentemente en bosques húmidos de toda a Europa temperada. Amante da humidade, é habitual atopalo nos bordos de ríos e regatos.









Composición, propiedades farmacolóxicas e usos

A cortiza de aliso é moi rica en tanino (ata o 20%). Contén así mesmo unha substancia colorante vermella de tipo glicosídico, emodina e substancias lipídicas. Pola súa riqueza en tanino, é un gran astrinxente, que seca e curte as mucosas tanto en uso interno como externo, tendo ademais grandes propiedades febrífugas.

Emprégase comunmente en diarreas estivais, gastroenterites e colites.

Estomatite (inflamación da mucosa bucal), amigdalite e farinxite realizando gargarexos co líquido resultante da decocción. Úlceras varicosas, chagas ou feridas de difícil cicatrización aplicando compresas sobre a zona afectada. Antirreumático, artrósico, sudorífico e depurativo: envólvese o enfermo con follas quentadas previamente nun forno e cubrindo a zona dorida e tapando posteriormente cunha manta. Galactófugo que provoca a retirada do leite das nais que crían. Vulnerario que axuda a cicatrizar as feridas e a curar contusións. Emprégase para descansar os pés logo de longas camiñadas e para reducir dores provocadas por esgazaduras musculares.






Guía de Tratamientos

ESTADOS	NO INVERNO	Ó GROMAR	GROMOS DE 10 - 30 cms.	ACIOS Á VISTA
	PRAGAS E ENFERMIDADES 			
MILDEU 	ZZ CUPROCOL A dose máxima autorizada		RIDOMIL GOLD COMBI PEPITE 200 g/hl ou RIDOMIL GOLD MZ PEPITE 250 g/hl	RIDOMIL GOLD COMBI PEPITE 200 g/hl ou RIDOMIL GOLD MZ PEPITE 250 g/hl
OÍDIO 		THIOVIT-JET 500 g/hl	THIOVIT-JET 500 g/hl	THIOVIT-JET 500 g/hl ou TOPAS 200 20 ml/hl ou ATEMI 10 20 g/hl
PODRE DA UVA 				
VERMES DA UVA 				

No caso de ataques de "Acariosis" ou "Araña Vermella", aplicar ZELDOX (100 g/hl) ou VERTIMEC (75 ml/hl).



Viñedos Galegos

COMEZO DA ESFARNA	REMATE DA ESFARNA	GRAN DE ERVELLA	NA PINTA	3 SEMANAS ANTES DA VENDIMA
				
QUADRIS MAX 2 l/ha (200 ml/hl) (*)	QUADRIS MAX 2 l/ha (200 ml/hl) (*) ou COBRE S PER PLUS 400 g/hl	COBRE S PER PLUS 400 g/hl	COBRE S PER PLUS 400 g/hl ou ZZ CUPROCOL 250 ml/hl	ZZ CUPROCOL 250 ml/hl ou COBRE S PER PLUS 400 g/hl
QUADRIS MAX 2 l/ha (200 ml/hl) (*)	QUADRIS MAX 2 l/ha (200 ml/hl) (*) ou TOPAS 200 20 ml/hl ou ATEMI 10 20 g/hl	TOPAS 200 20 ml/hl ou ATEMI 10 20 g/hl	TOPAS 200 20 ml/hl ou ATEMI 10 20 g/hl	
		SWITCH 100 g/hl	SWITCH 100 g/hl	SWITCH 100 g/hl
KARATE ZEON 10-20 ml/hl	AFFIRM 1-1,5 kg/ha (100-150 g/hl)		KARATE ZEON 10-20 ml/hl	

(*) Considérase un gasto de 1.000 l de auga por ha.

(**) Dous paseos por campaña como máximo. Prazo de seguridade, 7 días.



Outros males da viña



ÁCAROS

Case sempre se encontran nas follas. Son de tamaño moi pequeno, visible con lupa. Poden causar danos importantes á viña, producindo a caída prematura das follas e dificultando a maduración do gran con diminución do grao alcohólico, así coma o bo agostamento dos baceiros. Debe tratarse ao comezo dos primeiros síntomas ou de forma preventiva cun produto como ZELDOX (75 g/hl) ou VERTIMEC (75 ml/hl), mollando homoxeaneamente toda a follaxe.



PODRE DA UVA

Este mal ataca sempre as mellores castes do país e tamén a todas aquelas de acio pecho.

- O primeiro tratamento farase ó remata-la "Purga" con QUADRI MAX contra mildeu.
- Os outros tratamentos faranse con SWITCH antes do peche do acio e durante o pintor. Prazo de seguridade 7 días. Pode mesturarse cos produtos anti-mildeu. Dose 100-150 g/hl.



VERME DA UVA

É un verme que no primeiro come as flores do acio e fai unhas teíñas como se fose unha araña; máis tarde fura as uvas e podrecen por esta causa. Esta praga tópase en case que todas as viñas, uns anos máis que outros. Combátese botando KARATE ZEON 10-20 ml/hl. Tamén se pode aplicar AFFIRM a 1-1,5 kg/ha antes das postas, cando empeza a aparición de bolboretas.



BLACK-ROT OU PODREMIA NEGRA

Esta enfermidade ataca con virulencia a follas, baceiros e acios da vide. Produce manchas de color vermella ladrillo e cóbrese nos seu interior de pequenas pústulas negras circulares. En acios produce a desecación e engurrado dos grans.

Tratar con produtos para a mera, como QUADRI.



REFORZAMENTO DAS CEPAS

Os nosos viñedos son moi pouco fertilizados, por iso vanlle moi ben os tramentos cun "fertilizante foliar". Deben facerse tres ou catro aplicacións durante a época de máis medrío das gromadas e uvas.

Aplicar ISABIÓN a 300 ml/hl ou ABOFOL a 100-150 g/hl.

Este fertilizante pode mesturarse no momento do tratamento cos produtos indicados contra o Mildeu. A partir do pintor aplicacións con STIMUFOL K 300 g/hl favorecen a maduración da uva.



MALAS HERBAS

Para combater-las malas herbas entre as cepas en calquera época do ano, pode botarse o herbicida REGLONE a dose de 500-750 ml/hl. Os mellores resultados acádanse durante os meses de menos sol e máis humidade (dende Outono a Maio).

O REGLONE pode botarse tantas veces veñan as herbas e non dana as raíces nin os talos.

Tamén pode botarse TOUCHDOWN PREMIUM á dose de 500 a 800 ml/hl, tendo coidado de non mollar as partes verdes da viña; este dura máis que REGLONE.

Se o que se precisa é un desherbado duradeiro, botarase TERRAPACK, herbicida de pre e postemerxencia contra malas herbas anuais de folla estreita e ancha.

Consellos para os cuidados da Viña



CANDO PLANTES CEPAS, procura un patrón axeitado á túa terra: nas terras soltas e secas de ladeira precisa plantas con patrón de raíz profunda; nas terras frescas de ribeira, a clase de patrón ten que ser de raíz máis superficial. Tamén é importante que a afinidade da caste de cepa a enxertar con patrón sexa boa. Antes de mercar os patróns ou cepas enxertadas, convén asesorarse nos Servizos Oficiais de Extensión Agraria ou na Estación Enolóxica.



GALICIA, POLA SÚA CLIMATOLOXÍA, é un país endémico de enfermidades de fungos, especialmente "Mildeu". Os tratamentos de inverno contribúen a unha sanidade mellor das cepas. Tratamentos indicados son: ZZ CUPROCOL á caída da folla (outubro); e un segundo tratamento de ZZ CUPROCOL despois da poda (febreiro-marzo).



OS LABORES FONDOS DA VIÑA deben facerse sempre na plena parada invernal, sempre antes da movida do zume.



O RISCO DE XEADAS AUMENTA nas viña con herba. No mes de abril, en que hai risco de xeadas tardías, as cepas deben ter un solo limpo de herbas. Unha aplicación de REGLONE nese mes é moi recomendable. É posible facer a aplicación con TOUCHDOWN PREMIUM, tendo en conta non mollar nin pámpanos, nin gromos nin follas.




COMEZA A SULFATAR cando vexas que hai risco; non esperes a cando sulfate o veciño ou a que cho diga alguén de fóra da túa bisbarra; as viñas de cada terra e de cada caste teñen riscos distintos; a túa experiencia de anos anteriores é a que máis vale.




NON SACHES A VIÑA CANDO está próxima a "purga" ou "esfarna", pois un pequeno dano nas finas raíces da superficie pode ser motivo de caída de flor.








 **OS PRIMEIROS TRATAMENTOS** ata inicio de floración con RIDOMIL GOLD COMBI PEPITE. E ata o grao de ervella é axeitado facelos con QUADRIS MAX; este sulfato combate el só "Mildeu", "Oídio", ademais é dos indicados nos programas de "Loita Integrada".

 **SE O TEMPO TEN RISCO** nunca esperes máis de 12 días dun tratamento a outro, e se chove procura un escampo para tratar, pois un tratamento

nestes días pode ser a salvación da colleita.

 **DESPOIS DA UVA "GRAN DE ERVELLA"** son axeitados os tratamentos con produtos equilibrados en Cobre. ZZ COBRE SÚPER PLUS está especialmente indicado nos viñedos de Galicia pola súa acción funxicida triple e polo seu contido en Magnesio, do que teñen carencia case que todos os nosos viñedos.

 **ÓS TRATAMENTOS CON ZZ COBRE SÚPER PLUS** debe mesturárselle TOPAS ou THIOVIT JET para combater ó mesmo tempo "Mildeu" e "Oídio".

 **NON ESFOLLES A VIÑA MOI CEDO** nin máis da conta: esfollar moi cedo coas uvas medrando pode facer que o sol lles produza danos; quitarlle moitas follas adultas pode mermar a formación de azucres na uva.

 **NON VENDIMES UVA MOLLADA** e quítalle o "Podre" se o ten.

pepíte

Unha novidosa tecnoloxía que mellora sensiblemente a eficacia dos produtos que a incorporan



RidomilGold[®]
MZ Pepite

syngenta

A tecnoloxía que marca a diferenza

Tratamentos Das Froiteiras de Carabuña

(Pavieiras, melocotoeiros, ameixeiras e outros)

Por cada 100 litros de auga

TRATAMENTO INVERNO:

ZZ-CUPROCOL (200 ml/hl)

LEPRA-CRIBADO

SCORE (30 ml/hl)

OÍDIO

TOPAS 200 (20 ml/hl)

ou SCORE (30 ml/hl)



MONILIA

SWITCH (100 ml/hl)

PULGÓNS

ACTARA (10 gr/hl)



ÁCAROS

VERTIMEC (75 ml/hl)

ou ZELDOX (75 gr/hl)

OUTROS INSECTOS

(Anarria, morca da froita, cirugas minadoras, carpocapsa, pulgóns, etc.):

KARATE ZEON (20 ml/hl)

FERTILIZACIÓN FOLIAR

ISABIÓN (300 cc/hl)

ABOFOL (100 gr/hl)

CLOROSE FÉRRICA

SEQUESTRENE G-100 (50-100 gr/árbore)

Tratamentos a fazer

Por cada 100 litros de auga

TRATAMENTO INVERNO

ZZ-CUPROCOL (200 ml/hl)



MOTEADO

SCORE (20 ml/hl)

OÍDIO E FUNGOS

TOPAS 200 (20 ml/hl)



PULGÓN

ACTARA (Maceira 20 gr/hl)

VERMES OU CARPOCAPSA

KARATE ZEON (20 ml/hl)



PSILA OU MIELETA

VERTIMEC (80-100 ml/hl)

nas Maceiras e Pereiras

Por cada 100 litros de auga

ÁCAROS

VERTIMEC (80-100 ml/hl)

OUTROS INSECTOS

(minadores, tigre da pereira, piolho de San Rosé, etc.).

KARATE ZEON (20 ml/hl)

ou

INSEGAR (60 gr/hl)



FERTILIZACIÓN FOLIAR

ISABIÓN (300 cc/hl)

ABOFOL (150 gr/hl)

CLOROSE FÉRRICA


SEQUESTRENE G-100

(50-100 gr/árbore) conforme porte.



Hai outra praga chamada "araña vermella" que pode acometer algunha vez, neste caso tratarase unha ou dúas veces con **ZELDOX**.

Tratamentos de Invernadoiros e hortas



PROBLEMAS	TRATAMENTOS
VERMES da terra	FORCE 1,5 g (5 kg/ha); mesturado coa terra.
MILDEU (Tomates e outros)	ORTIVA (80 ml/hl) ou RIDOMIL GOLD PLUS (400 g/hl) RIDOMIL GOLD MZ PEPITE (250 g/hl) ou ZZ-COBRE SÚPER PLUS (400 g/hl) ZZ-CUPROCOL, cando os froitos estean xa a madurar (150-200 ml/hl).
BOTRITE (Calquera cultivo)	SWITCH (morango, tomate, berenxena, leituga e xudía verde) 100 g/hl.
PULGÓNS (Calquera cultivo)	APHOX (100 g/hl) ou ACTARA (20 g/hl) ou PLENUM (40 g/hl).
MOSCA BRANCA	ACTARA (20-30 g/hl) ou PLENUM (50 g/hl).

PROBLEMAS	TRATAMENTOS
HERBAS	<p>REGLONE, dirixindo a pulverización entre os corredores e as plantas (600 ml/hl).</p> <p>FUSILADE MAX (350 ml/hl). Mata herbas de folia estreita sen danar o cultivo aínda que este se molle.</p>
CULTIVOS CATIVOS	<p>ISABIÓN (250 ml/hl) aplicar varias mans. Pode mesturarse cos funxicidas.</p>
FUNGOS, en Caraveis, Rosas e outros cultivos	<p>SCORE (30-50 ml/hl).</p>
OÍDIO	<p>THIOVIT-JET (400-600 g/hl) ou ATEMI 10 (20 g/hl) ou TOPAS 200 (20 ml/hl)</p>
VERMES que comen froitos, flores, follas ou talos	<p>KARATE ZEON (10-20 ml/hl) ou AFFIRM (150 g/hl) ou COSTAR (30-50 g/hl).</p>
ARAÑA VERMELLA	<p>ZELDOX (50 g/hl) VERTIMEC (50-100 ml/hl).</p>
LESMAS E CARACOIS	<p>ALIMET (5-8 kg/ha).</p>

NOTA: non mesturar Isabión con Cobre Súper Plus nin ZZ-Cuprocol.



Tratamentos



Sementeira



Xerminación



Desenvolvemento das follas



Formación de brotes laterais



Crecedemento lonxitudinal (brotes principais)

Pragas	Sementeira	Xerminación	Desenvolvemento das follas	Formación de brotes laterais	Crecedemento lonxitudinal (brotes principais)
Mildeu (Mera)			Ridomil Gold MZ Pepite (200 g/ha ó 2,5 kg/ha)		
Ternaria			Cobre Súper Plus (400 g/ha) ou ZZ Cuprocol (150 -		
Insectos do chan	Force 1,5 G (3 - 5 kg/ha)				
Eirugas	Karate Zeon (10 - 20 ml/ha)				
Escaravello	Cruiser 350 FS (21,4 ml/100 kg pataca)			Actara 25 WG (100 g/ha)	
Pulgón	Cruiser 350 FS (21,4 ml/100 kg pataca)			Actara 25 WG (100 g/ha) o Aphox (100 g/ha)	
Malas herbas	Dual Gold (0,5 - 1,5 l/ha) Auros (4 l/ha) Touchdown Premium (3 - 6 l/ha)				
Desecantes					
Fertilizantes			Abofol (100 g/ha)		
Bioestimulantes					

das Patacas



Floración



Formación do froito



Maduración de froitos e sementes



Senescencia

Observacións

Revus (400 - 600 ml/ha)	Ohayo (400 ml/ha)		Tratar nos momentos de máximo crecemento do cultivo e alternar entre os produtos anteriores.
250 ml/hl)			
	Score 25 EC (800 ml/ha) Bravo 720 SC (210 ml/hl)		Tratar ao inicio dos primeiros síntomas ou de forma preventiva.
			Aplicar en tratamento localizado no momento da sementeira.
			Tratar cando se observen os primeiros danos.
			Tratar cando se observen as primeiras larvas.
			Tratar cando aparezan os primeiros pulgóns.
			Todos os herbicidas deben usarse antes da xerminación da pataca. Usar Dual Gold cando se preveva a aparición de gramíneas.
		Reglone (1,5 - 4 l/ha)	Deixar polo menos 2 semanas desde o tratamento ata a recolección.
	Stimufol K (250 - 500 g/hl)		Complementan a acción dos fertilizantes de fondo.
	Isabión (200 - 300 ml/hl)		Axuda a restablecer a sanidade da pataca en casos de sarabia, xeadas, estrés, etc.

Contra a Xuncia do millo



Dose: 1.500 cc/ha.
(40-50 cc/mochila de 15 l
para 250-300 m² de terra)


 **Callisto®**

syngenta

A mellor solución naturalmente


Tratamentos do millo e outros cereais

Millo



	TRATAMENTOS	OBSERVACIÓNS
Malas herbas	Camix (3,75 l/ha).	Para herbas gramíneas e de folla ancha antes ou pouco despois da nacemento do millo. Aplicar ata 4-8 follas do millo.
	Primextra Líquido Gold (4 l/ha).	Para herbas gramíneas e de folla ancha antes da nacemento do millo.
	Callisto (0,75-1,5 l/ha).	Aplíquese 1,5 l/ha para control da xuncia. Controla ademais as herbas de folla ancha e dixitaria (pata de galiña).
	Elite Plus (0,5-0,75 l/ha).	Aplicar para controlar gramíneas despois de nacidas, como millán, setaria, etc. Aplicar con millo 4-8 follas.
Pulgóns e eirugas	Karate Zeon (0,125-0,4 l/ha).	Aplicar ó inicio do ataque.
Insectos chan (verme arame, vermes brancos, etc).	Force 1,5 G (3-5 kg/ha).	Aplicar localizado na liña de sementeira.

Cereais de inverno (Trigo e Cebada)



	TRATAMENTOS	OBSERVACIÓNS
Malas herbas	Auros Plus (3,5 l/ha + 40 g/ha).	Controla xoio e herbas folla ancha. Aplicar desde a sementeira ata herbas en 2 follas.
	Arizona (2,5-3,5 l/ha).	Controla xoio e herbas de folla ancha. Aplicar antes da nacemento do cereal ou a partir do estadio de 2 follas ata o inicio do afillado.
	Topik Evo (250 ml/ha - 150 g/ha). Aplicar non máis de 300-400 l agua.	Controla avea e xoio nacidos en trigo en herbas de folla ancha. Aplicar en pleno afillamento.
	Axial (0,5-0,6 l/ha). Aplicar con non máis de 300-400 l agua.	Para controlar avea e xoio en trigo e cebada, cando están nacidas. Aplicar pleno afillamento. Mesturar con Adigor.
	Ally 20SX (20-30 g/ha).	Aplicar despois de nacida a herba. Controla as herbas de folla ancha.
Tratamentos funxicidas en vexetación.	Amistar Xtra (0,75-1 l/ha).	Aplicar a partir da folla bandeira.



CAMBIO CLIMÁTICO

O cambio climático e o quecemento global son nomes que os científicos adoitan dar ao fenómeno de incremento gradual de temperatura que está experimentando a superficie da terra desde a revolución industrial.

Durante as últimas dúas décadas, o devandito efecto fíxose máis acusado, existindo probas fidedignas de que o quecemento está sendo causado principalmente pola emisión á atmosfera de gases chamados de efecto invernadoiro (dióxido de carbono, metano, óxido nítrico, etc) derivados de certas actividades humanas.

PROXECCÍONS A FUTURO: QUE SUCEDERÁ

Fungicida de acción sistémica, preventivo e curativo, nos cultivos de allo, caravel e espárrago para fungos; apio contra septoria; leituga, pataca e tomate contra alternaria, pereira contra moteado, fungos e septoria; maceira e néspereira contra moteado; remolacha contra oídio e cercospora; aboladura en melocotoeiro e oídio; cribado e monilia en melocotoeiro e albaricoqueiro; monilia e oídio en ameixa e monilia en cereixa.

DOSE: 10-20 ml/hl en froiteiras, 50-80 ml/hl en tomate; leituga e pataca. 30-50 ml/hl nos restantes cultivos, 20-30 ml/hl en melocotoeiro e albaricoqueiro.

SWITCH

37,5% Ciprodinil.
25% Fludioxonil WG.
25x20 g, 300 g, 1 kg.

Nº 21714 _ - N
PS: 2 días amorodos, 3 días berenxena, tomate, corcubitáceas de pel comestible e feixóns verdes. 7 días en viña, leituga e outros cultivos. 14 días en pereira. 28 días en feixóns (fabas).

Fungicida específico contra botrite nos cultivos de viña, amorodos, pemento, melocotoeiro, albaricoqueiro, cerdeira, ameixeira, feixóns verdes, leitugas, berenxena, tomate, corcubitáceas de pel comestible y feixóns (faba). Tamén controla monilia, sclerotinia e asperxilo.

DOSE: 60-100 gr/hl en todos os cultivos excepto leituga (0,5-0,6 Kg/ha) e viña (0,6-1 kg/ha).

THIOVIT JET

80% Xofre en microgránulos
mollables.
1 Kg, 10 kg, 25 kg.

Nº 12901 Xi - _
PS: 3 días en hortícolas non de folla e 5 días demais cultivos. NP ornamentais leñosas.

Fungicida a base de xofre en microesferas, con acción por contacto e vapores, contra oídio, ácaros, eriofidos e negrilla, nos cultivos da vide, hortícolas, froiteiras e outros cultivos.

DOSE: 250-750 g/hl segundo cultivos.

TOPAS 200 EW

20% Penconazol.
500 ml, 1 l.

Nº 21291 Xn - N
PS: 3 días en melón, sandía, cocurbitáceas de pel comestible, cogombro, amorodo, pemento e tomate. 14 días en vide e outros cultivos.

Fungicida antioídio, sistémico de acción preventiva que ademais detén a infección durante o período de incubación. Para cultivos de viña, froiteiras, amorodos e outros cultivos.

DOSE: 15 - 25 ml/hl conforme os cultivos.

TRI-MILTOX SUPRA

17,5 % Mancoceb +22%
Oxicloruro de cobre
(expr. en Cu).
1 kg, 5 kg.

Nº 24441 Xn - N
PS: 3 días en berenxena e tomate de invernadoiro e corcubitáceas de pel comestible; 7 días en corcubitáceas de pel non comestible; 10 días en berenxena e tomate de aire libre; 15 días en cítricos, garabanzo, lúpulo, herbas aromáticas, oliveira, vide, cebola, allo, chalota, porro e pataca; 21 días en escarola, leituga, chicharos, feixóns verdes, feixóns (faba) e; 28 días hortaliñas de xénero brassicae; NP en froiteiras de óso e pebida.

Fungicida preventivo contra mildeu e outras enfermidades, de acción por contacto, que polo seu contido en cobre mais o mancoceb, ten gran eficacia pola súa regularidade de acción e persistencia. Cultivos da vide contra mildeu; tomate e hortícolas contra mildeu, alternaria, septoriose e antracnose; tamén en froiteiras contra moteado, monilia e foscococcum.

DOSE: 400-600 g/hl segundo cultivos.

HERBICIDAS

ALLY 20 SX

20% Metsulfuron-Metil - SG
100 g.

Nº 24151 Xi - N
PS: NP.

Herbicida de contacto e residual, eficaz contra malas herbas de folla ancha en tratamentos de postemerxencia en cultivos de trigo e cebada. Aplicar a partir de 2 follas e ata o final do fillado do cultivo.

DOSE: 20-30 g/ha.

ARIZONA

40% Clortoluron SC.
2,5% Diflufenican
5 l.

Nº 23912 Xn - N
PS: NP.

Herbicida de pre e postemerxencia contra herbas anuais de folla estreita e ancha. Para utilizar nos cultivos de trigo e cebadas de ciclo longo.

DOSE: Para trigo, aplicar despois da sementeira ou cando o trigo teña tres follas a dose de 1,75 a 3 l/ha. En cebada, antes de nacer ou despois de nacer cando teña tres follas a dose de 1,75-2,5 l/ha.

AUROS PLUS

80% Prosulfocarb EC.
20% Triasulfurón WG.
3x3 l + 6x15 g.

Nº 18087 Xn - _
Nº 17925 _ - N

Combinado herbicida de pre e postemerxencia contra herbas anuais de folla estreita e ancha. Para utilizar nos cultivos de trigo e cebada.

DOSE: Para trigo aplicar pouco despois da sementeira e antes de que as herbas teñan dúas follas. En cebada aplicar en postemerxencia do cultivo e antes de que as herbas teñan dúas follas. 4-6 l/ha do AUROS (Prosulfocarb 80%) máis 20-37,5 g/ha do LOGRAN (Triasulfurón 20%).

AXIAL

10% Pinoxaden EC.
1 e 5 l.

Nº 24679 Xi - N
PS: NP

NOVO

Novo herbicida de postemerxencia de alta eficacia, contra avea, ballico e outras gramíneas nos cultivos de trigo e cebada. Aplicar a partir de 3 follas do cereal e cando as malas herbas nazan. A eficacia do produto non se ve alterada polas baixas temperaturas.

DOSE: 0,5-0,6 l/ha + 500 ml/hl do mollante ADIGOR.

BANVEL D

48% Dicamba SL.
1 l.

Nº 11533 _ - N
PS: 2 meses para a colleita da forraxe ou a entrada do gando. NP no millo.

Herbicida de postemerxencia contra herbas anuais de folla ancha. Traslócase a través das follas, brotes e raíces.

Para utilizar nos cultivos de trigo, cebada, avea, millo, pradeiras de gramíneas e céspedes.

DOSE: No millo aplicárase cando teña entre 4-8 follas a dose de 600-750 ml/ha (140 ml/hl). En cereais dende 3 follas ata o final do afillado a dose de 300 ml/ha (100 ml/hl). En pradeiras e céspedes 600 ml/ha (150 ml/hl).

BANVEL TRIPLE

29,6% 2,4-D amina. 26,5% MCPA amina.
10% Dicamba amina SL.
1 l, 5 l.

Nº 13537 Xn - N

PS: 21 días dende a aplicación ata o consumo do pasto polo gando.

Herbicida de postemerxencia contra todo tipo de malas herbas de folia ancha nas pradeiras e céspedes de gramíneas xa establecidos. Tamén para os cultivos de: trigo, cebada, avea e centeo.

DOSE: 0,8-1,5 l/ha (200-375 ml/hl). En pradeiras aplicarase preferentemente ó inicio da brotación ou 1-2 semanas despois dun corte. En cereais o mellor momento é o afillado antes de encanar. A temperatura debe ser entre 12-24°C.

BROMOTRIL 24 EC

24% Bromoxinil EC.
5l.

Nº 20094 Xn - N

PS: 15 días.

Herbicida para o control de folia ancha en tratamentos herbicidas de postemerxencia en cultivos de avea, cebada, centeo, millo e trigo. Aplicar dende o estado de 2-4 follas ata 6-8 follas en millo, e a partir de 3 follas no resto dos cultivos.

DOSE: 1-2 l/ha para o millo; 1-1,65 l/ha no resto dos cultivos.

CALLISTO

10% Mesotrione SC.
250 ml, 1 l, 5 l.

Nº 22313 Xn - N

PS: NP.

Herbicida para o cultivo do millo, contra a xuncia e outras herbas cando estas son noviñas.

DOSE: 0,75-1,5 l/ha. Bótase co millo nacido e cando a xuncia é noviña, entre 2-4 follas. Pódese repetir o tratamento entre o millo se xorde ata o estado de oito follas do cultivo.

CAMIX

40 % S-Metolacloro. 4% Mesiotrione, SE. Nº 24063 Xi - N
5e20 l.

PS: NP.

Novo herbicida de pre e postemerxencia precoz contra herbas de folia estreita e ancha no cultivo de millo. CAMIX leva na súa composición unha substancia protectora que impide producir fitotoxicidade ao cultivo (Benoxacor).

DOSE: 3,75 l/ha

DUAL GOLD

96% S-Metolacloro EC.
5 l.

Nº 22126 Xn - N

PS: NP.

Herbicida activo contra gramíneas anuais: Echinocloa, dixitaria, setaria, lolium, e outras. A Xuncia é moderadamente sensible a DUAL GOLD. Indicado para os cultivos de: millo, pataca, remolacha e xirasol. As aplicacións en postemerxencia deben ser só con herbas moi noviñas.

DOSE: En pataca e remolacha 0,5-1,5 l/ha e en millo e xirasol 0,5-2 l/ha.

ELITE PLUS

6% Nicosulfuron OD.
1 e 5 l.

Nº 24765 Xn - N

PS: NP. Non poñer colza como cultivo a seguir.

Herbicida de postemerxencia contra herbas gramíneas e dicotiledóneas no cultivo do millo. Activo contra equinocloa e outras gramíneas resistentes. Complementario contra a xunca. Pode empregarse en combinación con outros herbicidas de postemerxencia.

DOSE: 0,5-0,75 l/ha. Aplicar cando o millo teña entre 3 e 4 follas. Non aplicar en parcelas onde se usaron insecticidas organofosforados en aplicación ao chan.

NOVO

FUSILADE MAX

12,5% Fluazifop-p-butil EC.
1 l.

Nº 15814 Xn - N
PS: 21 días para colleitas e entrada do gando;
3 meses para sementar cereais.

Herbicida selectivo nos cultivos de folla ancha, sistémico de postemerxencia para o control de gramíneas anuais e perennes. Pode botarse nos cultivos de: pataca, leguminosas, hortas, cultivos Industriais, ornamentais, herbáceas e leñosas. Tamén en froiteiras e vide.

DOSE: 1,25-2 l/ha para gramíneas anuais, en perennes duplicar a dose e facer dúas aplicacións. Vide, froiteiras de folla caduca e cítricos 4l/ha.

PRIMEXTRA LIQUIDO GOLD

31,25% S-Metolaclo. 18,75% Terbutilazina.
5 l.

Nº 22199 Xi - N
PS: NP.

Herbicida a base dunha adecuada combinación de dúas substancias activas que permiten combater as gramíneas e dicotiledóneas anuais que invaden normalmente o cultivo do millo de consumo ou de forraxe. En condicións normais poden sementarse ou plantarse calquera dos cultivos que poden seguir ao millo nunha rotación normal.

DOSE: 4 l/ha.

REGLONE

20% Dicuat SL.
1 l.

Nº 12346 T⁺ - N
PS: 15 días.

Herbicida de contacto de acción rápida e eficaz contra as malas herbas. Axeitado para desecante de diversos cultivos facilitando as colleitas. Autorizado en patacas, millo, xirasol e algodón como desecante. Noutros cultivos, como herbicida de pre-laboreo ou para botar entre liñas sen mollar as follas do cultivo.

DOSE: 1,5-4 l/ha.

TERRAPACK

25% Flazasulfuron WG.
36% Glifosato SL.
1x50 g + 2x1 l.

Nº 91990 _ - N
Nº 22957 _ - _
PS: NP.

NOVO

Pack comercial de herbicidas de pre e postemerxencia contra herbas anuais de folla estreita e ancha. Para utilizar no cultivo de viña.

DOSE: Aplicar á liña de plantación a razón de 100-200 g/ha de Terafit (flazasulfuron 25%) máis 6 l/ha Touchdown Premium (Glifosato 36%), cando as malas herbas comecen a emerxer e coa viña sen brotación. En caso de que o cultivo brotase, facer a aplicación localizada sen mollar a vexetación. Recoméndase o uso de campás protectoras.

TOPIK EVO

24% Clodinafop-propargil.
6% Cloquintocet-mexil EC. 5% Florasulam.
1 l +150 ml

Nº 19548 Xn - _
N. Nº 22145 _ - N
PS: NP.

Pack comercial de dous herbicidas (Topik 24EC + Nikos) de postemerxencia contra gramíneas e herbas de folla ancha anuais nos cultivos de triticales e trigo. Controla aveia, xoio, phalaris e alopecuro e a maioría das malas herbas de folla ancha que invaden o cereal. Aplicar a partir de tres follas do cultivo e ata o afillado do mesmo.

DOSE: 175-350 ml/ha + 1 L/ha do mollante Agral e 75-150 ml/ha de Florasulam 5%.

TORDON 22 K

24% Picloran (sal potásica) SL.
250 cc, 1 l.

Nº 11760 Xi - _
PS: 21 días

Herbicida de translocación, moi persistente para o control de leñosas en terreos sen cultivo (silveiras, toxos, xestas, etc), rumex e outras especies de folla ancha en praderías de gramíneas. É absorbido por vía radicular e foliar.

DOSE: 1 l/ha en prados de gramíneas e 1-1,5 l/hl zonas non cultivadas.

TOUCHDOWN PREMIUM

36% Glisofato (sal amónica) SL.
1 l, 5 l, 10 l e 20 l.

Nº 22957 _ - _
PS: 7 días cereais e terreos agrícolas.
NP demais cultivos.

Herbicida sistémico, non selectivo de post-emerxencia, contra todo tipo de herbas, incluídas as perennes e malezas leñosas, cun gran ámbito de aplicación. Plantacións de aguacate, cereais, froiteiras de folla caduca, limoeiro, laranxeira, oliveira, plataneiro, terreos agrícolas, terreos forestais e vide. Grazas á tecnoloxía Sistem 4, Touchdown Premium actúa máis rápido, e en condicións difíciles obtéñense mellores eficacia ca con outros herbicidas sistémicos.

DOSE: 3-7 l/ha segun do o cultivo e tipo de herba ou maleza a controlar. Recoméndase aplicacións con baixo volume de auga, de 100-200 l de auga por ha, polo que a dose equivale a: 1,5-3,5 L/hl. As doses máis baixas para as herbas noviñas, e as máis altas para perennes e malezas leñosas.

PRODUTOS VARIOS

ABOFOL-L

24% Nitróxeno (N) total baixo varias formas.
16% Fósforo (P₂O₅) soluble. 12% Potasio (K₂O)
soluble. 0,02% Boro (B) e 0,04% Zinc (Zn)
quelados por EDTA-Na₂. Sólido cristalino.
1 kg e 5 kg.

Registro de fertilizantes e afíns
PS: NP.

Fertilizante foliar que estimula e regula a vexetación das plantas, diminúe os problemas de carencias e mellora a calidade das colleitas. Axuda a recuperar os cultivos nos accidentes climáticos. Autorizado para todos os cultivos.

DOSE: 100 g/hl. Tamén pode aplicarse á terra para ser tomado polas raíces dos cultivos.

ADIGOR

44% aceite de colza EC.
5 l.

Nº 24678 Xn - _
PS: NP.

Mollante para aplicacións herbicidas, que mellora a penetración e actuación do Axial, Adigor. Está especialmente indicado para mesturar con Axial.

DOSE: 500 ml/hl.

NOVO

ALIMET

5% Metaldehído.
1 Kg, 5 Kg.

Nº 11744 _ - _
PS: 15 días. Ornamentais NP.

Cebo en forma de gránulos contra lesmas e caracois nos cultivos de cítricos, amorodos, froiteiras de folla caduca, subtropicales, horticolas, ornamentais herbáceas, ornamentais leñosas, industriais e pataca. Alimet posúe unha elevada resistencia ao lavado, sen que o seu poder atraente se vexa reducido.

DOSE: 5-8 Kg/ha.

CULTAR

25% Paclotrúazol SC.
250 ml, 1 l.

Nº 17270 Xi - N
PS: 60 días para as colleitas.

Regulador do crecemento para fruticultura e viticultura. Reduce a lonxitude das brotacións, mellora a calidade dos froitos, e na vide ademais evita o corremto da floración. Aplicar en cultivos con certa vitalidade.

DOSE: Varía segundo os cultivos e momento de aplicación. Na vide para mellorar o callado da flor aplicar unha soa vez, 50 ml/hl entre dúas ou tres semanas antes da floración.

DIVIDEND FÓRMULA M

3% Difenocanazol FS.
20 l, 200 l.

Nº 22008 Xi - N
PS: NP.

Funxicida sistémico para o tratamento das sementes do trigo e da cebada, contra caries, podre da raíz, carbón vestido e helmintosporiose.

DOSE: 100-200 ml/100 kg semente. O produto pode aplicarse directamente sobre a semente ou diluído previamente en 400-500 ml de auga por cada cen quilos de semente.

ISABIÓN

Complexo de aminoácidos LS.
1 l, 5 l, 20 l.

Registro de fertilizantes e afíns.

Nutriente orgánico bioestimulante da vexetación das plantas en todo tipo de cultivos. Aplicar na fase de crecemento das plantas, especialmente indicado en cultivos cativos ou afectados por accidentes climatolóxicos, fitotóxicidades, etc.

DOSE: En aplicación foliar 200-500 ml/hl (4-5 l/ha). En aplicacións a terra, pode incorporarse coa rega (3-4 l/ha) e 4 aplicacións. Un máximo de 15 l/ha.

KLERAT BLOCK

0,005% Brodifacoum. Bloques parafina. BB.
100 g, 500 g, 10 kg.

Nº RPDGSP: 08-10-00838
y 08-10-00838 HA.

Raticida moi activo por inxestión contra todo tipo de roedores, tamén para os resistentes a outros anticoagulantes. Controla ratas, ratos e toupas de campo. Formulación axeitada para almacéns, recintos, exteriores, colectores.

DOSE: colocar os bloques en portacebos en bastantes puntos por toda a superficie infestada, cerca de onde os roedores teñen os seus niños, tobos ou galerías, principalmente onde estiveron alimentándose ou causando danos. Apto para uso zosanitario.

SUPER KLERAT

0,005% Brodifacoum.
Cebo granulado coloreado. GB.
250 g, 5 kg.

Nº RPDGSP: 08-10-00837
y 10-10-00837 HA.

Raticida moi activo por inxestión contra todo tipo de roedores, tamén para os resistentes a outros anticoagulantes. De utilización en almacéns e recintos agrícolas exteriores ou interiores. **Ratas:** adoitan alimentarse en lugares ocultos cos que estean familiarizadas. Colocarase en cada punto o contido dunha bolsiña nun portacebos e a intervalos de 5-10 metros. Debido a que as ratas son moi desconfiadas, recoméndase non facer limpeza nin mover os obxectos nos lugares tratados, ata a finalización da desratización.

Ratos: con dos bolsiñas de 25 g pódense facer de 2 a 4 puntos de cebo, situando os portacebos a intervalos de 2-5 metros. Como os ratos son comedores esporádicos e tenden a explorar novos lugares, recoméndase cambiar os cebos de sitio periodicamente. Ao abrir as bolsiñas, colocar os gránulos nun portacebos no punto elixido, e revisalos cada 7-8 días; repoñer aqueles puntos de cebo onde este tivese sido comido. Apto para uso zosanitario.



Valor dos ferrados galegos en metros cadrados

PROVINCIA DA CORUÑA

A Baña	528	Cerceda	639	Monfero	548
A Coruña	444	Cerdido	509	Mugardos	548
Abegondo	436	Cesuras	436	Muros	335
Ames	639	Coiros	436	Muxía	424
Aranga	436	Corcubión	424	Narón	509
Ares	548	Coristanco	524	Neda	509
Arzúa	536	Culleredo	444	Negreira	528
As Pontes	548	Dodro	420	Noia	420
Ateixo	444	Dumbría	424	Oleiros	444
Bergondo	436	Enfesta	639	Ordes	639
Betanzos	436	Ferrol	509	Oroso	639
Boimorto	536	Fisterra	424	Ortigueira	444
Boiro	484	Frades	636	Outes	396
Boqueixón	639	Irixoa	436	Oza dos Ríos	436
Brión	500	Laracha	524	Paderne	436
Cabana	524	Laxe	524	Padrón	420
Camariñas	424	Lousame	420	Pino	536
Cambre	444	Malpica	524	Pobra do	
Capela	548	Mañón	548	Caramiñal	484
Carballo	524	Mazaricos	424	Ponteceso	524
Cariño	444	Melide	536	Pontedeume	548
Carnota	400	Mesía	603	Porto do Son	480
Carral	444	Miño	548	Rianxo	484
Cedeira	509	Moeche	509	Ribeira	484
Cee	436			Rois	424

PROVINCIA DA CORUÑA

Sada	436	Teixeiro	536	Valdoviño	509
Sadurniño	509	Teo	639	Vedra	639
Santiago	639	Toques	536	Vilamaior	548
Santiso	536	Tordoia	639	Vilasantar	536
Sobrado	536	Touro	536	Vimianzo	424
Somoza	509	Trazo	640	Zas	424
Sta. Comba	528	Val do Dubra	640		

Outras Medidas:

En Rianxo úsase a **Cunca** que son 35 metros cadrados. O ferrado ten 12 Cuncas.

En Boiro úsase **Cuartillo** que son 22,33 metros cadrados.

En Rois úsase **Cuartillo** que son 17,50 metros cadrados.

Na Pobra do Caramiñal úsase a **Cunca** que son 40 metros cadrados.

PROVINCIA DE LUGO

A Fonsagrada	507	Friol	436	Pantón	489
A Pastoriza	504	Guntín	436	Paradela	559
A Pobra de Brollón	465	Láncara	629	Páramo	559
A Pontenova	504	Lourenzá	638	Pedrafita	578
Abadín	504	Lugo	436	Pol	496
Alfoz	714	Melra	514	Portomarín	671
Antas de Ulla	604	Mondoñedo	612	Quiroga	465
As Nogais	621	Monforte	489	Rábade	436
Baleira	714	Monterroso	604	Ribadeo	612
Barreiros	714	Muras	548	Ribas do Sil	465
Becerreá	578	Navia de Suarna	650	Ribeira de Piquín	514
Begonte	525	Negueira de		Riotorto	504
Bóveda	489	Muñiz	507	Samos	559
Carballedo	629	Neira de Xusa	610	Sarria	629
Castro de Rei	629	O Corgo	436	Sober	484
Castroverde	496	O Incio	559	Taboada	604
Cervantes	553	O Saviñao	559	Trabada	638
Cervo	725	O Valadouro	714	Triacastela	430
Chantada	629	O Vicedo	548	Vilalba	546
Cospeito	525	Ouro	548	Viveiro	548
Courel (Folgosos)	436	Outeiro de Rei	436	Xermade	525
Foz	714	Palas de Rei	604	Xove	725

Outras Medidas:

En Riotorto: **Fanega** igual a 4 Ferrados, **Ferrado** igual a 2 Tegos, **Tego** igual a 4 Cuartillos.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA

A Caniza	437	Gondomar	541	Pontevedra	629
A Estrada	629	Lalin	536	Portas	629
A Lama	217	Marín	472 ou 504	Redondela	69
Agolada	536	Meaño	629	Ribadumia	629
Arbo	437	Meis	629	Rodeiro	536
As Neves	629	Moaña	472	Salvaterra	437
Baiona	539	Mondariz	432	Sanxenxo	629
Bueu	472	Moraña	648	Silleda	536
Caldas de Reis	672	Mos	497	Soutomaior	64
Cambados	629	Nigrán	541	Tomiño	629
Campolameiro	629	O Covelo	264	Tui	497
Cangas	472	O Grove	629	Valga	629
Catoira	629	O Porriño	497	Vigo	541
Cerdedo	528	Oia	402	Vila de Cruces	536
Crecente	437	Pazos de Borbén	74	Vilaboa	629
Cuntis	629	Poio	629	Vilagarcía	545
Dozón	536	Ponteareas	437	Vilanova de Arousa	672
Forcarei	500	Pontecaldelas	629	Vilaxoán	603
Fornelos de Montes	74	Pontecesures	420		
		Pontesampaio	629		

Outras Medidas:

No Morrazo e ría de Vigo úsase moito a **Vara**, que vale no Morrazo 7.37 metros cadrados, e en Vigo 4.57 metros cadrados.

En Pontevedra, Caldas e Cambados úsase a **Cunca**, a doceava parte do **Ferrado** que vale 52.40 metros cadrados. En Godos e Saiar 56 metros cadrados. O **Ferrado** 12 veces a **Cunca**. Na Estrada e Lalin úsase o **Cuartillo**, que vale na Estrada 26 metros cadrados e en Lalin 22.34 metros cadrados.

En Pontecesures a **Cunca** ten 35 metros cadrados.

Estadal: 12 pés = 336 cm.

PROVINCIA DE OURENSE

O **ferrado** vale: 629 metros cadrados.

Outras Medidas:

Nas terras adicadas a viñedo, a **Cavadura** vale 437 m² ou 435 m², segundo as zonas.

O **Xornal** son 124 m². En lugares con pendente da Ribeira Sacra, unha "**cavadura**" ou "**home de cava**", equivale a 100 cepas ben desenvolvidas.

- Nas terras adicadas a outros cultivos, a **Tega** vale 388 m², a **Fanega** 4.141 m².

- Na Porquelra, a **Tega** son 906 m² o **Copelo**, 21 m².

- Para medidas do cereal, unha **Tega** equivale a 14 quilos de centeo, e unha **Fanega** son cinco **Tegas**.

- O **Copelo**, en Celanova e A Bola, son 20 m².

- En Valdeorras a **Maquia** son 120 m²; en Verín son 22,22 m².

Para medir capacidades en distintas zonas de Ourense, empréganse as seguintes medidas:

- **Ola**: equivale a 16 litros ou 16,5 litros, segundo as zonas.

- **Moio**: equivale a 8 olas (128 ou 132 litros).

- **Cabazo**: son 20 litros.

- **Cuarta e Media Cuarta**: son 20 e 101 litros respectivamente.

- **Cántara**: son 16 litros. O **Canado** son dúas Cántaras (32 litros).

CONTOS

QUE NON SON CONTOS

O NABO DE LUGO



Cando chegas á consulta dun médico, sempre che preguntan no mostrador de recepción o que che pasa, e vólvese moi desagradable ás veces ter que contarllo diante dos outros pacientes.

Certo día entrou nunha destas consultas un paisano estando a sala de espera con moita xente e detrás do mostrador unha recepcionista un pouquiño brusca.

- **Bos días, señorita.**

- **Tén vez?** Preguntou ela, seca.

- **Teño, claro** -di el.

- **Entón, que lle pasa? Por que quere ver o doutor? Cal é a súa doenza?**

- **É que, ..., teño un problema na punta do nabo** -respondeu el sinceramente.

E claro, como no salón a xente riu, a rapaza irritouse e díxolle ao paciente:

- **Por Deus, vostede non debера dicir as cousas desa maneira tan groseira.**

- **Por que non? Vostede preguntoume con tanta insistencia o que me pasaba que eu tiven que contarllo.**

Ela, visiblemente colorada, explicoulle:

- **Tiña que ser máis disimulado e dicir, por exemplo, que tiña o oído irritado de maneira que logo puidese discutir o seu problema íntimo co doutor en privado.**

El respondeu:

- **E vostede non debера facer preguntas indiscretas diante de estraños, se ve que a resposta pode molestar. Así que vou saír para fóra e vou repetir a escena; pero esta vez hei facelo ben.**

Sae o home, volve a entrar, aire xovial e desenfadado, dirixíndose ao mostrador...

- **Moi bos días, señorita recepcionista.**

Ela sorri retranqueira, moito máis amable, e pregunta:

- Si? En que podo serlle útil, señor?
- Verá. É que debo ver o doutor porque teño un problema co oído.

Ela asentiu e sorriu de novo, vendo que seguira o seu consello, pero non puido co seu xenio e volveu a preguntarlle:

- Ah, si? Vaia, home. E, dígame. Que lle ocorre ao seu oído, señor?

- Pois, que se pon vermello e que me arde moito ao mexar.

Daquela, as risas na sala foron de antoloxía...

O POETA DO POBO

Migueliño das Lamas tiña estudos. Pero á parte diso tiña un don natural para escribir poemas e poesías con rima fermosa e sonora, e mesmo recitaba os románticos en vodas, comuñóns ou actos solemnes da vila. Isto gustáballe moito, pero era o que máis lle custaba porque era tímido e fuxidío.

O conto é que, mal que ben, entre os versiños, o pelo lambido da vaca, as frases fermosas á luz da lúa, as maneiras suaves e a gravata de lazo para os domingos, ía para catro meses que tiña una noiva guapeteira e máis doce ca as pesetas.

Estivera lendo o salmo na misa e o señor boticario esperábao no adro para interesarse pola súa saúde.

- E logo, Miguel. Como vai o teu cadro gripal? Dinme na farmacia que levas tempo vindo a buscar xaropes para a tose e pílulas para a gorxa.

O rapaz escoitou a pregunta e contou a verdade.

- Verá, Don Pedro. Eu ándolle ben. Realmente o que preciso cando vou por alí son preservativos, pero como hai xente non me atrevo a pedilos, e para saír do paso, cárgome doutras boticas que non me son necesarias.

- Pero home. Non fai falla. Iso arraxámolo facilmente, dixo o boticario, cun sinxelo contrasinal que coñezamos. Preguntas por min e, como ti

es poeta, recitas en alto calquera poe-miña e eu sabendo de que vai o conto, xa che dou o que precisas.

Así quedaron, e así apareceu Miguel ao día seguinte na farmacia porque había présa. Entrou polo local adiante preguntando por Don Pedro, dixéronlle que estaba aló detrás na rebotica e el xa pronunciou en voz alta e clara de recitador de auditorios:

“Voverán las oscuras golondrinas de tu balcón sus nidos a colgar”

E respondeu Don Pedro dende o interior:

- E logo, a bandada de que a queres, dunha ducia ou de vintecatro andoriñas?????



Disposicións Legais

DE INTERESE PARA GALICIA

A Directiva de Uso Sostible de Produtos Fitosanitarios: unha oportunidade para a agricultura española e europea.



O 25 de Novembro de 2009 entrou en vigor a Directiva de Uso Sostible de Produtos Fitosanitarios 2009/128/CE (en diante DUS). Como en toda Directiva Europea, na DUS establécense unha serie de criterios de obrigado cumprimento para todos os Estados Membros co fin de harmonizar as lexislacións neste ámbito no territorio europeo.

O prazo de dous anos para integrar estes criterios nas lexislacións nacionais terminou o 25 de novembro de 2011, e a partir de aquí ábrese un novo prazo dun ano no que os Estados Membros deberán ter definidos os seus Plans Nacionais de Acción, nos que se deberán “fixar os seus obxectivos cuantitativos, metas, medidas e calendarios a fin de reducir os riscos e os efectos da utilización de praguicidas na saúde humana e o medio ambiente, e para fomentar o desenvolvemento e a introdución da xestión integrada de pragas e de formulacións ou técnicas alternativas con obxecto de reducir a dependencia do uso de praguicidas”.

Os Estados membros deberán ter presentados os seus Plans Nacionais de Acción o 26 de novembro de 2012, e a partir de aquí íranse establecendo prazos para a implementación dos diferentes contidos do mesmo.

A DUS establece unha serie de obxectivos que, tendo en conta os beneficios económicos, sociais e ambientais que proporcionan os produtos fitosanitarios, permitan prestar atención aos riscos que supón e establecer as medidas necesarias para evitalos:

1. Reducir ao mínimo os riscos e perigos do seu uso para a saúde e o medio ambiente.
2. Mellorar os controis sobre o uso e a distribución.

3. Reducir o uso dos produtos máis perigosos substituíndoos por outros de menor risco.
4. Fomentar prácticas agrícolas cun uso reducido de praguicidas.
5. Establecer un sistema transparente de información e control dos progresos.

Nos Plans Nacionais de Acción estableceranse ademais dos obxectivos, as medidas a tomar, os indicadores de progreso e os prazos para levar todo isto a cabo.

Diversos grupos de traballo organizados pola administración central coa participación das Comunidades Autónomas estiveron traballando na transposición da Directiva á lexislación española para completar o desenvolvemento lexislativo necesario para a súa implementación, que se concretou en tres Reais Decretos:

- Real Decreto polo que se establecen as bases do Plan Nacional de Acción para o uso sostible dos produtos fitosanitarios.
- Real Decreto sobre inspeccións periódicas de equipos de aplicación de produtos fitosanitarios.
- Real Decreto polo que se regula o uso sostible de produtos fitosanitarios en ámbitos distintos á produción primaria agrícola.

Podemos dicir que a DUS se apoia en tres alicerces para a consecución dos seus obxectivos: a difusión das boas prácticas agrícolas entre todos os implicados no uso de produtos fitosanitarios, a introdución de métodos de traballo e melloras tecnolóxicas e a protección do medio acuático e outras zonas de especial atención. Todo iso primando a información e sensibilización do público en xeral e establecendo medidas eficaces de seguimento e control.

Novos requisitos para o uso e comercialización de praguicidas.

En España xa está en vigor desde hai algúns anos a obrigatoriedade de que todos os usuarios profesionais de praguicidas dispoñan da debida formación e estean en posesión do correspondente carné que o acredite. A DUS non fai senón reforzar esta esixencia e intégrala no Plan Nacional de Acción:

- A partir do 26 de novembro do 2013.
- Segundo niveis de capacitación: básico, cualificado, fumigador, piloto aplicador.
- Eximidos: se acreditan titulación universitaria ou cualificación profesional habilitadora.
- Formación a cargo das CC.AA., pode ser vía internet.
- Guía de usuario a disposición e periodicamente actualizada.

As novidades neste apartado céntranse nos requisitos legais para o sector da distribución e na nova figura do asesor.

O Distribuidor, é dicir “calquera persoa física ou xurídica que comercialice produtos fitosanitarios, incluídos almacenistas, comerciantes polo miúdo, vendedores e provedores”, deberá a partir de agora:

- Dispor de polo menos unha persoa con titulación universitaria habilitadora (Enxeñeiro Agrónomo, Enxeñeiro Técnico Agrícola, Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Técnico Forestal).
- Dispor do número suficiente de vendedores con obxecto de dar a información adecuada sobre o produto que vende.
- Os vendedores deberán estar en posesión do carné cualificado.
- Eximidas as empresas que non vendan produtos para uso profesional.

Durante o proceso de venda haberá que ter en conta que:

- Só poderán venderse a partir do 26 de novembro de 2013 produtos fitosanitarios aos titulares dun carné.
- No momento da venda, deberá estar dispoñible polo menos un vendedor titular dun carné cualificado.
- Quedan eximidos os almacéns de venda a non profesionais da agricultura, que deberán facilitar información sobre os riscos para a saúde e o medio ambiente.
- Establécese un rexistro das operacións de venda de produtos fitosanitarios mediante

un **Libro Oficial de Movementsos (LOM)** para calquera categoría toxicolóxica (que se deberá conservar polo menos durante cinco anos).

E establécese a nova figura do asesor, que deberá estar en posesión dun carné que acredite a formación necesaria para o asesoramento en Xestión Integrada de Pragas, que, como establece a directiva, será o modelo obrigatoriedade para toda a agricultura europea a partir de 2014.

O asesor defínese como “calquera persoa que adquiera uns coñecementos adecuados e asesore sobre a xestión de pragas e o uso seguro dos produtos fitosanitarios a título profesional ou como parte dun servizo comercial, incluídos os servizos autónomos privados, e os de asesoramento públicos, operadores comerciais, produtores de alimentos e comerciantes polo miúdo no seu caso”. Deberán:

- Estar acreditados e inscritos no novo rexistro (ROPO) a partir do 1 de xaneiro 2014.
- Acreditar titulación universitaria habilitadora ante unha Comunidade Autónoma.
- Ou experiencia suficiente en tarefas de asesoramento (polo menos 4 anos), adquirida en estacións de avisos, empresas de tratamentos, etc.
- O carné será válido para todo o territorio nacional.

Créase tamén un rexistro oficial de produtores e operadores de medios de defensa fitosanitarios (ROPO) no que estarán inscritos todos os implicados no uso de praguicidas:

- Usuarios profesionais que realizan tratamentos.
- Sector de Subministración (fabricación, produción, loxística, almacenamento, distribución e venda).
- Asesores fitosanitarios (independentes, dentro do sector subministrador ou de tratamentos, dentro da propia explotación ou pertencendo a entidades de asesoramento recoñecidas).

En canto á utilización de produtos, estableceranse unhas normas de uso obrigatorias, desde o transporte e almacenamento, a preparación da mestura e aplicación, ata a limpeza de equipos e eliminación dos envases baleiros. Tamén se establece un período de reentrada mínimo de 24 horas nas parcelas tratadas e a obrigatoriedade envernadoiros de sinalizar este período nos puntos de acceso.

Cara a unha Xestión Integrada de pragas en todos os cultivos.

A partir de 2014 toda a produción agrícola europea deberase realizar seguindo criterios de produción integrada. Iso suporá o seguimento dunha serie de directrices:

- Aplicación de prácticas con baixo consumo de praguicidas, dando prioridade aos métodos non químicos.
- Sempre apoiándose na intervención dun asesor.
- Cumpren os principios de GIP os agricultores que estean realizando:
 - Agricultura ecolóxica.
 - Produción Integrada.
 - Sistemas de produción certificados (validación).
 - ATRIAS ou asociacións similares.
 - Os agricultores que dispoñan dun asesoramento que garanta os principios da GIP.
- Para as producións ou tipos de explotacións con baixo risco no uso dos praguicidas non se esixirá a existencia dun asesor e deberanse seguir unhas guías en GIP.
- Incentivos para animar a aplicar voluntariamente as orientacións específicas por cultivos ou sectores.

As administracións porán a disposición de todos os agricultores unha serie de "Guías para a Xestión Integrada de Pragas" elaboradas e aprobadas polo Comité de Coordinación sobre produtos fitosanitarios, que servirán de orientación para os asesores e para os usuarios profesionais e que se publicarán na páxina web do Ministerio de Medio Ambiente, Rural e Mariño.

O mantemento dun caderno de explotación debidamente actualizado é outro dos requisitos que se esixirán ás explotacións e usuarios profesionais. Será similar ao existente aínda que se engadirán algúns novos requirimentos. Deberá conservarse durante polo menos 3 anos, xunto coas prescricións facultativas, facturas e outros documentos xustificativos das anotacións.

Todos os praguicidas utilizados deberán ser prescritos por un asesor (receita), e o seu asesoramento estará documentado, asinado e en poder da explotación durante polo menos tres anos. Loxicamente o asesor deberá ter en conta para as súas recomendacións as guías en GIP elaboradas por cultivo ou grupos

de cultivo. No entanto o anterior, non será necesario o asesoramento para aqueles cultivos ou explotacións que sexan definidos como de "baixo risco".

Inspección obrigatoria de todos os equipos de tratamento cada 5 anos.

A partir de 2016 só poderán utilizarse para fins profesionais os equipos de aplicación de fitosanitarios que pasen con éxito a inspección. Previamente os equipos serían inscritos no Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola (ROMA) antes do fin do prazo legal (15 de xullo de 2011).

O Real Decreto sobre inspeccións periódicas de maquinaria de aplicación de produtos fitosanitarios tamén desenvolve a figura das Estacións de Inspección Técnica dos Equipos de Aplicación de Fitosanitarios (ITEAF), que habilitadas polas CC.AA. serán as encargadas de realizar as inspeccións. Poderán optar á licenza como ITEAF tanto empresas privadas e cooperativas, como unidades da administración, centros tecnolóxicos, universidades, etc.

Estarán suxeitos a inspección os pulverizadores, equipos de aplicación aérea, equipos de aplicación fixos en invernadoiros ou outros locais pechados, coa excepción dos equipos manuais, pulverizadores de mochila e carterillas arrastradas con depósito inferior a 100 litros, aínda que as CC.AA. poderán incluílas se o consideran prioritario.

Así mesmo darase prioridade á hora de inspeccionar aos equipos de maior uso, por esta orde:

- Empresas de tratamentos
- Agrupacións de agricultores, cooperativas
- Equipos de maior capacidade
- Equipos de maior antigüidade

Outras consecuencias da Directiva de Uso Sostible.

Aplicacións aéreas: prohíbense, pero con posibilidade de aprobación en casos especiais. Poderán ser autorizadas polas CC.AA. dentro do seu ámbito territorial cando non exista unha alternativa viable ou cando as existentes presenten desvantaxes en relación co impacto sobre a saúde humana e o medio ambiente.

Protección do medio acuático: establécense unhas normas xerais de obrigado cumprimento:

- Dar preferencia a produtos **non clasificados como perigosos** para o medio acuático nin que conteñan substancias perigosas prioritarias.
- Dar preferencia ás técnicas de aplicación de **baixa deriva**.
- Establecemento de **bandas de seguridade: mínimo por defecto 5 metros**. Ata 25 metros en función do produto e do equipo.
- Redución ao máximo posible das aplicacións en redes viarias, **superficies moi permeables**.

E unha serie de medidas para evitar a contaminación das masas de auga (puntual e difusa):

- Bandas con cuberta vexetal entre liñas, de polo menos 1 metro en cultivos leñosos en pendentes maiores do 15% e que verten directamente a masas de auga.
- Bordo perimetral en terrazas de polo menos 1 metro de ancho coa vexetación natural existente.

- Boas prácticas no enchido, regulación, baleirado, lavado dos equipos.
- Prohibición de realizar tratamentos en terreos xeados, nevados ou encharcados, salvo naqueles que a inundación sexa considerada como un sistema de cultivo.
- Os tratamentos fitosanitarios serán interrompidos nos xiros e ao finalizar as fileiras de cultivo.

E as fontes de auga potable:

- Identifícanse os pozos e masas de auga superficiais utilizadas para a captación de auga potable existentes na explotación e anótanse no caderno de campo.
- Deixárase unha banda de seguridade sen tratar de 25 metros ás masas de auga superficiais destinadas para consumo humano.
- Non se almacenarán produtos fitosanitarios nunha banda de 100 metros ao redor destas masas de auga.

	PF non catalogados como perigosos para o medio acuático		PF catalogados como perigosos para o medio acuático	
	Boquilla convencional	Boquilla antideriva	Boquilla convencional	Boquilla antideriva
Tratamento con pulverizador	5 m	5 m	15 m	10 m
Tratamento con atomizador	10 m	5 m	25 m	15 m

E para rematar, poranse en marcha os mecanismos necesarios para informar ao **público en xeral** con información precisa e equilibrada sobre os produtos fitosanitarios e estableceanse sistemas de **recollida de información**.

Principais prazos:

Entrada en vigor DUS: 25/11/2009

Transposición DUS: 26/11/2011

Plan Nacional de Acción (PAN): 26/11/2012

Formación (certificación): 26/11/2013

GIP obrigatoria: 01/01/2014

Inspección equipos: 26/11/2016

Revisión PAN: cada 5 anos

A Directiva de Uso Sostible de Produtos Fitosanitarios supón un gran paso adiante cara a unha protección fitosanitaria máis avanzada, pero será necesario que se implemente de forma adecuada mediante Plans Nacionais

de Acción realistas e adaptados ás condicións locais para conseguir unha verdadeira sustentabilidade, que a formación e a sensibilización estean baseadas en avaliacións e recomendacións científicas e que se dote de recursos suficientes á transferencia de tecnoloxía.

En resumo, a DUS supón unha oportunidade para desenvolver un novo modo de agricultura en Europa con beneficios socio-económicos e ambientais tanxibles:

- desenvolvendo novas solucións.
- xerando confianza no consumidor sobre a tecnoloxía aplicada na agricultura.
- traballando xuntos: administración, distribución, técnicos e industria no desenvolvemento e a comunicación de formas de agricultura máis sostibles.

NOVO

TOUCHDOWN

PREMIUM



System 4
TECHNOLOGY

Herbicida non selectivo de postemerxencia, de potente efecto sistémico que controla todas as malas herbas anuais e perennes, mesmo as máis difíciles.

O herbicida cheo de tecnoloxía

Roedores e Rodenticidas



A orde Rodentia é ampla en número de individuos e tipos, incluíndo una terceira parte de todas as especies de mamíferos existentes.

Só 41 dos 124 xéneros se catalogan como pragas, sendo dous os máis estendidos e abundantes: xénero *Rattus* e xénero *Mus*.

As especies máis importantes destes dous xéneros son:

- **Rato doméstico (*Mus musculus L.*)**, estendido basicamente en zonas rurais e granxas.
- **Rata común (*Rattus norvegicus L.*)**, que vive externa ou interiormente en calquera lugar onde atope alimentos. É a rata de sumidoiros. Non sendo autóctona da península, conta a crónica histórica que penetrou polo Pirineo acompañando as tropas francesas durante a invasión napoleónica e alimentábase cos residuos da campaña.
- **Rata negra (*Rattus rattus L.*)**. Vive xeralmente baixo cuberto e con poboación en franco retroceso a favor da anterior, que chegou a impoñerse e fagocitala.



Rato doméstico



Rata común



Rata negra

NECESIDADES DE CONTROL

Causan os roedores moitos e variados problemas en todo mundo por compartir co ser humano o mesmo medio. Das razóns que xustifican o seu control, as tres principais son:

1. **Comen e destrúen alimentos:** Estima a F.A.O. que os roedores causan perdas dun 5% nas colleitas de todo o mundo, cantidade suficiente para alimentar a 130 millóns de persoas. A estes produtos consumidos hai que engadir máis do dobre de alimentos que contaminan polos prexuízos directos e as nocidades colaterais de ouriños, feces, pelos ou secrecións sebáceas que os fan inservibles.
2. **Propagadores de enfermidades:** Son vehículos e vectores de numerosas enfermidades que afectan ó ser humano: a peste bubónica, leptospirose, triquinose, ou as infeccións de salmonella, todas elas de consecuencias graves ou fatais.
3. **Outros tipos de danos:** Causan ademais a destrución de distintos materiais: roeduras na madeira, tuberías de auga, mercancías almacenadas etc. Nas instalacións eléctricas, os cables roídos orixinan cortocircuitos, incendios e importantes avarías.

MEDIOS DE LOITA

O exterminio absoluto das ratas como especie é practicamente imposible; porén, a aplicación de medidas adecuadas logrará un eficiente control capaz incluso de erradicalas nas zonas asiduamente tratadas.

MÉTODOS FÍSICOS: Empregan técnicas mecánicas para eliminalos: rateiras, trampas ou barreiras contundentes para excluír os animais de certos lugares. Os resultados reais destas accións en redución das poboacións de roedores son francamente inoperantes.

MÉTODOS BIOLÓXICOS: Inclúen a introdución dos seus predadores naturais, enfermidades e parasitos, modificación do hábitat, manipulación xenética ou cultivo de variedades resistentes de cereais e especies hortícolas.


A maioría destas solucións teñen fallos de teoría ou posta en práctica.

MÉTODOS QUÍMICOS: Tense comprobado que o método máis efectivo para control de roedores é o uso de rodenticidas clasificándose estes en:

a. **Agudos ou de acción rápida:** Envenenamento inmediato, facendo necesarias medidas extremadas de manipulación e risco manifesto para outras especies incluído o ser humano. O máis importante desta categoría é o fosfuro de zinc.

b. **Crónicos:** Actúan lentamente despois de varias doses. Funcionan como anti-coagulantes xerando hemorrxias internas. Non supoñen risco para animais domésticos polo pequeno nivel de dose letal a que funcionan co roedor.

Destacan como materias activas a warfarina, difenacoum ou bromadiolona, sendo a máis avanzada e moderna o brodifacoum, principio activo de **Súper Klerat**.



Super KLERAT

RATICIDA PARA
ROEDORES COMENSAIS

PELLETS

¡Un só bocado basta!



UNHA SOLUÇÃO DE FÁBULA
PARA O CONTROL
DE RATAS E RATOS

syngenta.

Enderezos dos nosos distribuidores

PARA GALICIA - ASTURIAS

AGRO-REZA, S.L.

(Ourense - Oeste)
agro-reza@mundo-r.com

R/ Reza nº 12 (Galerías Roma)
32003 - **OURENSE**
Telf. e Fax: 988 222834 - 988 227553
Móbil: 692 642118 / 119

AGROVAL S.L.

(Pontevedra - Centro/Sur)
agroval.po@terra.es

As Gándaras de Prado s/n
(Fronte Campo de Fútbol de Budiño)
36475 - **O PORRIÑO** - Budiño
Telf. e Fax: 986 346765 - 986 346766

ALMACENES ROYAL S.L.

(A Coruña - Norte)
agricultura@almacenesroyal.com

R/ Fraga Iribarne nº 48
15300 - **BETANZOS**
Telf.: 981 772714 Fax: 981 772600
Móbil: 689 248630

ASAGRO, SERVICIOS AGRÍCOLAS, S.L.

(Asturias - Leste. Cantabria)
asagro@fade.es

Polígono Silvota, parcela R 45
33192 - LLANERA (Asturias)
Telf.: 985 265898 Fax: 985 250764
Móbil: 608 473131

CAMPONOVO PROTECCIÓN DE CULTIVOS S.L.

(Pontevedra - Norte, Coruña - Sur)
p.cultivos@camponovo.es

Polígono industrial Novo Milladoiro
Rúa das Palmeiras, 57 - **A2 15895 - AMES** (A Coruña)
Telf.: 981 535420 Fax: 981 535422
Móbil: 606 990537

FITOAGRARIA S.L.

(Ourense - A Limia, Monterrei)
fitoagrarias@gmail.com

R/ Dous de Maio nº 57
32630 - **XINZO DE LIMIA**
Telf. e Fax: 988 462560 y 639 815999

HORTA LEMOS

(Lugo - Centro/Sur)
correo@hortagalega.es

Ctra. N-540 - Km 4,6
27210 - **Santa Eulalia de Esperante**
Telf. e Fax: 982 24 60 19 Móbil: 696 902575

XARDINAGRO S.L.

(Lugo - Norte. Asturias - Oeste)
xardinagro@ctv.es

R/ Linares Rivas nº 4
27760 - **VILANOVA DE LOURENZÁ**
Telf. e Fax: 982 121002
Almacén Telf. 982 121613

Enderezos de SYNGENTA AGRO:

No **PORRIÑO**: A Relva s/n 36400 - O **PORRIÑO** (Pontevedra) Telf.: 986 330300 - 986 331004 Fax: 986 335855

En **MADRID**: C/ Ribera del Loira nº 8-10, 3ª Planta; 28042 **MADRID** Telf.: 91 3876410 (Centralíña); Fax: 91 7210081

Os contidos desta publicación son propiedade de Syngenta Agro. Prohibese a súa reprodución total ou parcial, por calquera medio, sen a autorización previa e por escrito de Syngenta Agro.



 **Camix**[®]

protexe a túa
colleita
coida o seu futuro

 **syngenta**



2012

Calendario do Ano

Xaneiro								Febreiro								Marzo							
L	M	M	X	V	S	D		L	M	M	X	V	S	D		L	M	M	X	V	S	D	
						1				1	2	3	4	5					1	2	3	4	
2	3	4	5	6	7	8		6	7	8	9	10	11	12		5	6	7	8	9	10	11	
9	10	11	12	13	14	15		13	14	15	16	17	18	19		12	13	14	15	16	17	18	
16	17	18	19	20	21	22		20	21	22	23	24	25	26		19	20	21	22	23	24	25	
23/30	24/31	25	26	27	28	29		27	28	29						26	27	28	29	30	31		

Abril								Maio								San Xoán							
L	M	M	X	V	S	D		L	M	M	X	V	S	D		L	M	M	X	V	S	D	
						1				1	2	3	4	5	6					1	2	3	
2	3	4	5	6	7	8		7	8	9	10	11	12	13		4	5	6	7	8	9	10	
9	10	11	12	13	14	15		14	15	16	17	18	19	20		11	12	13	14	15	16	17	
16	17	18	19	20	21	22		21	22	23	24	25	26	27		18	19	20	21	22	23	24	
23/30	24	25	26	27	28	29		28	29	30	31					25	26	27	28	29	30		

Santiago								Agosto								Setembro							
L	M	M	X	V	S	D		L	M	M	X	V	S	D		L	M	M	X	V	S	D	
						1				1	2	3	4	5							1	2	
2	3	4	5	6	7	8		6	7	8	9	10	11	12		3	4	5	6	7	8	9	
9	10	11	12	13	14	15		13	14	15	16	17	18	19		10	11	12	13	14	15	16	
16	17	18	19	20	21	22		20	21	22	23	24	25	26		17	18	19	20	21	22	23	
23/30	24/31	25	26	27	28	29		27	28	29	30	31				24	25	26	27	28	29	30	

Outubro								Novembro								Decembro							
L	M	M	X	V	S	D		L	M	M	X	V	S	D		L	M	M	X	V	S	D	
1	2	3	4	5	6	7					1	2	3	4							1	2	
8	9	10	11	12	13	14		5	6	7	8	9	10	11		3	4	5	6	7	8	9	
15	16	17	18	19	20	21		12	13	14	15	16	17	18		10	11	12	13	14	15	16	
22	23	24	25	26	27	28		19	20	21	22	23	24	25		17	18	19	20	21	22	23	
29	30	31						26	27	28	29	30				24/31	25	26	27	28	29	30	

Subvencionado pola

■ Festa Nacional ■ Festa Autonómica